

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 27 de MARZO de 2009**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o vindeiro venres, día 27 de marzo de 2009, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/09, do 27 de febreiro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 2.801 á nº 5.200, de 2009.](#)

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

[3.-Aprobación da 1ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos \(PCC\) 2008-2011.](#)

[4.-Aprobación do proxecto reformado núm. 2 da obra “Centro integrado de atención a persoas maiores” do Concello de Narón, incluída no Plan de cooperación provincial \(PCP\) 2007. Código 07.3100.0162.0.](#)

[5.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación e edificio de usos múltiples” do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial \(PCP\) 2007. Código 07.3100.0183.0](#)

[6.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Camiños Trasmonte e outros” do Concello de Oroso, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código 08.2100.0235.0.](#)

[7.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento camiño Caamaño” do Concello de Porto do Son, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código 08.2100.0283.0.](#)

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

[8.-Aprobación da modificación do cadro de actuacións da segunda e terceira anualidade e aprobación da actuación da cuarta anualidade do Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal.](#)

Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

[9.-Proposta de modificación do coeficiente de financiamento e aprobación do convenio coa Asociación AMIPA, de Padrón, para o equipamento dun centro ocupacional en Rois.](#)

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

10.-Aprobación inicial do expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela nº 39 do Polígono de Sabón.

11.-Aprobación definitiva do expediente de cambio de cualificación da parcela nº 34 do Polígono de Sabón e aprobación inicial do expediente de cesión de uso ao Concello de Arteixo.

12.-Aprobación das bases reguladoras do “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos 2009 (PAC-1).

13.-Aprobación das bases reguladoras do “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2).

14.-Aprobación da terceira fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008.

15.-Aprobación da segunda fase da anualidade 2009 do proxecto MANDEO, o río como eixe dinamizador.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

16.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2009 segunda fase: mellora da intersección na estrada provincial DP 3612 Aneiros a Cabana PK 0+900 (Ferrol). Código 0911100002.0

17.-Aprobación do proxecto reformado de ampliación e mellora da DP 2404 A Laracha á Silva por Golmar PK 11,850 ao 13,710. Cerceda. Código do proxecto reformado 0811100005.1

18.-Aprobación técnica do proxecto ensanche de obras de fábrica DP 4502 Braña do Cotro a Chacín (PK 4+200 ao PK 5+800).

19.-Desestimación das alegacións presentadas á aprobación técnica do proxecto ampliación e mellora de trazado da EP 0810 de Guiliade a Guísamo 1ª fase e sometemento a información pública do expediente da solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras contidas no proxecto de referencia.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

20.-Modificación do cadro de persoal e relación de postos de traballo do ano 2009.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

21.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Culleredo.

22.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Oroso.

23.- Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Vilasantar.

24.-Dar conta do informe de estabilidade orzamentaria da liquidación consolidada.

25.-Dar conta da liquidación definitiva da recadación aos concellos usuarios do exercicio 2008.

26.-Convenio coa ONGD “Educación sen fronteiras”, para financiar un proxecto de mellora da calidade educativa en Guatemala.

27.-Convenio coa ONGD “Asemblea de Cooperación pola Paz” para financiar un proxecto de mellora das condicións de acceso á auga e ambientais, en Santiago de los Caballeros, República Dominicana.

28.-Expediente de modificación de créditos núm. 1/09 e de modificación da Base 48ª das de execución do Orzamento provincial do exercicio 2009 referida ás subvencións nominativas.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 27 DE MARZO DE 2009

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 27 de marzo de 2009, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG

DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	

Non asiste o Sr. Rama Seoane.

A Sra. Vázquez Veras entra no punto número 12.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Antes de nada, direilles que o punto 20 ímolo deixar sobre a mesa.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/09, DO 27 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/09, do 27 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 2.801 Á Nº 5.200, DE 2009.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 2.801 á nº 5.200, do 2009.

3.-APROBACIÓN DA 1ª FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver os proxectos e demais documentación presentados polos concellos da provincia destinatarios do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante acordo plenario do 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008,

1.- Aprobar a 1ª fase da anualidade 2009 do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 cuxas cifras globais do financiamento son as que se indican a continuación, e cuxa relación de obras figura no [anexo I](#) a este acordo:

Nº de obras	30
Nº de concellos	22

FINANCIAMENTO	
Achega municipal	799.778,06
Achega deputación	6.179.964,62
Total	6.979.742,68

2.- Aprobar os correspondentes proxectos.

3.- A contratación e execución das obras realizarana os concellos de acordo coas instrucións que figuran nas bases 7, 8 e 9 das reguladoras do plan.

4.- Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan.”

PCC- PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2008/2011

**1ª Fase da anualidade
2009**

Anexo 1: Obras da 1ª fase anualidade 2009 do Plan de Cooperación
Provincial (PCC) 2008/2011

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
ABEGONDO	09. 3300. 0063. 0.	SANEAMENTO EN COS	127.941,93	14.215,78	142.157,71
			127.941,93	14.215,78	142.157,71
ARANGA	09. 3300. 0064. 0.	AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN VILARRASO	138.690,00	7.299,47	145.989,47
	09. 3300. 0065. 0.	AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN CARBALOTORTO	158.379,80	8.335,78	166.715,58
			297.069,80	15.635,25	312.705,05
A BAÑA	09. 3300. 0066. 0.	ABASTECIMENTO AUGA S.MAMEDE (CEILAN)	437.045,27	23.002,38	460.047,65
			437.045,27	23.002,38	460.047,65
BERGONDO	09. 3300. 0067. 0.	REDE SECUNDARIA SAN. EN CORTIÑÁN	131.010,87	14.556,76	145.567,63
	09. 3300. 0068. 0.	REDE SECUNDARIA SAN. EN LUBRE	139.590,32	15.510,04	155.100,36
			270.601,19	30.066,80	300.667,99
BOIRO	09. 3300. 0069. 0.	REDE DE SAN. ENTRE BELLES E TREITES	96.574,58	24.143,65	120.718,23
	09. 3300. 0070. 0.	MELLORA ABAST. CABO DE CRUZ-ABANQUEIRO 1-F	415.539,47	103.884,87	519.424,34
			512.114,05	128.028,52	640.142,57
BOQUEIXÓN	09. 3300. 0071. 0.	ABAST. NA ESPÍÑEIRA (LAMAS) E OUTROS	148.100,37	7.794,76	155.895,13
			148.100,37	7.794,76	155.895,13
BRIÓN	09. 3300. 0072. 0.	SANEAMENTO EN SAÍME, GOSENDE E SOUTO	158.466,81	17.607,42	176.074,23
			158.466,81	17.607,42	176.074,23
CEE	09. 3300. 0073. 0.	AMPL. SAN. ESTORDE E REPARACIÓN EDAR	123.804,88	13.756,10	137.560,98
			123.804,88	13.756,10	137.560,98
FRADES	09. 3300. 0074. 0.	DISTRIBUCIÓN AUGA POTABLE EN ABELLÁ	398.148,48	20.955,18	419.103,66
			398.148,48	20.955,18	419.103,66
MALPICA	09. 3300. 0075. 0.	SAN.BUÑO, CAMBRE, CEILOIO,CERQUEDA 2-F	197.822,09	21.980,23	219.802,32
			197.822,09	21.980,23	219.802,32

MAZARICOS	09. 3300. 0076. 0.	ABAST.AUGA A CORVEIRA, EIRON E OUTROS	134.294,53	14.921,61	149.216,14
			134.294,53	14.921,61	149.216,14
MUXÍA	09. 3300. 0077. 0.	SAN. E DEPURACION SENANDE E OS MUIÑOS	507.560,56	56.395,62	563.956,18
			507.560,56	56.395,62	563.956,18
ORDES	09. 3300. 0078. 0.	SANEAMENTO E ABAST. RÚA BUSCÁS	132.150,60	23.320,69	155.471,29
	09. 3300. 0079. 0.	SAN. E ABAST. CABEZA DE LOBO A CARBALLEIRA	134.134,71	23.670,83	157.805,54
			266.285,31	46.991,52	313.276,83
OUTES	09. 3300. 0080. 0.	SANEAMENTO LOIOS (VALADARES)	110.867,29	12.319,00	123.186,29
	09. 3300. 0081. 0.	SANEAMENTO BOCADROÑA (CANDO)	91.872,29	10.209,00	102.081,29
	09. 3300. 0082. 0.	SANEAMENTO SAN LOURENZO	118.603,92	13.178,22	131.782,14
			321.343,50	35.706,22	357.049,72
PONTEDEUME	09. 3300. 0083. 0.	SAN. AVDA. RICARDO SANCHEZ- DE N-651, FASE 2	361.883,22	78.578,34	440.461,56
	09. 3300. 0084. 0.	BOMBEO AUGAS RESIDUAIS POLIG.VIDREIRO	82.225,63	17.854,25	100.079,88
			444.108,85	96.432,59	540.541,44
RIANXO	09. 3300. 0085. 0.	ACOND.PAISAXÍSTICO CONTORNO ALAMEDA E O.	573.472,66	101.201,06	674.673,72
			573.472,66	101.201,06	674.673,72
SADA	09. 3300. 0086. 0.	SUBSTITUCIÓN REDE AUGA E SAN. NA TENENCIA	514.301,91	90.759,16	605.061,07
			514.301,91	90.759,16	605.061,07
TOQUES	09. 3300. 0087. 0.	ABAST. PARADELA,STA.MARIÑA E VILOURIZ	199.500,66	10.500,04	210.000,70
			199.500,66	10.500,04	210.000,70
TORDOIA	09. 3300. 0088. 0.	SANEAMENTO EN SEIXAN (CABALEIROS)	111.001,04	10.835,12	121.836,16
			111.001,04	10.835,12	121.836,16
VALDOVIÑO	09. 3300. 0089. 0.	AMPL. REDE ABAST. E SANEAMENTO EN LAGO	127.590,43	14.176,71	141.767,14
			127.590,43	14.176,71	141.767,14
VEDRA	09. 3300. 0090. 0.	AMPL. REDE ABASTECIMIENTO EN PONTE ULLA	119.568,27	13.285,36	132.853,63
	09. 3300. 0091. 0.	AMPLIACIÓN SANEAMENTO EN PARADELA	94.733,77	10.525,98	105.259,75

		214.302,04	23.811,34	238.113,38
VILARMAIOR	09. 3300. 0092. 0. REDE DE SANEAMENTO NO LOUREIRO - OS CHAOS	95.088,26	5.004,65	100.092,91
		95.088,26	5.004,65	100.092,91

TOTAL ACUMULADO 6.179.964,62 799.778,06 6.979.742,68

NUMERO DE CONCELLOS 22

NUMERO DE OBRAS 30

4.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO NÚM. 2 DA OBRA “CENTRO INTEGRADO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES” DO CONCELLO DE NARÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO 07.3100.0162.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver o proxecto reformado núm.2 que presenta o Concello de Narón da obra “Centro integrado de atención a persoas maiores” do Concello de Narón incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, co código: 07.3100.0162.0, aprobado polo Pleno da Deputación na sesión do 24/05/2007, que foi modificado mediante o acordo plenario do 29/02/2008.

Aprobar o proxecto reformado núm. 2 da obra “**Centro integrado de atención a persoas maiores**” do Concello de Narón, incluído no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0162.0), polo seu presuposto de contrata de 1.670.300,30 €, que implica un incremento de 278.273,94 € a prezo de contrata e de 244.881,06 € a prezo de adjudicación, e que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.

A aprobación definitiva deste proxecto reformado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009 que se someterá á aprobación do Pleno na mesma sesión na que se aprobe este expediente.”

07.3100.0162.0 Centro integrado de atención a persoas maiores (Concello de Narón)			
	Proxecto modificado nº1	Proxecto reformado nº2	Diferenza
Deputación f.p.	615.909,20	615.909,20	0

Concello	776.117,16	1.054.391,10	278.273,94
TOTAL	1.392.026,36	1.670.300,30	278.273,94

5.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN E EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES” DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO 07.3100.0183.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Ampl. edificio usos múltiples” do Concello de Oroso, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0183.0), polo seu presuposto de contrata de 131.331,69 €, que implica un incremento de 5.008,08 € a prezo de contrata e de 4.457,21 € a prezo de adxudicación, que é financiado integramente polo Concello de Oroso, permanecendo invariable a achega da deputación.

A aprobación definitiva deste proxecto reformado queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009 que se someterá á aprobación do pleno na mesma sesión na que se aprobe este expediente.”

07.3100.0183.0 Ampl. edificio usos múltiples (Concello de Oroso)			
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f.p.	126.323,61	126.323,61	0
Concello	0,00	5.008,08	5.008,08
TOTAL	126.323,61	131.331,69	5.008,08

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “CAMIÑOS TRASMONTE E OUTROS” DO CONCELLO DE OROSO, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO 08.2100.0235.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Camiños Trasmonte e outros” (código:08.2100.0235.0) do Concello de Oroso, incluída no POS 2008, cun orzamento de contrata de 98.911,43 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado inicial dun dos camiños previstos no proxecto orixinal.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello.	Orzamento Total
08.2100.0235.0	Oroso	Camiños Trasmonte e outros	39.183,29	26.973,34	11.219,55	21.535,25	98.911,43

7.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO CAMIÑO CAAMAÑO” DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO 08.2100.0283.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Aprobar o proxecto reformado da obra “Acondicionamento camiño Caamaño” do Concello de Porto do Son, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008, código: 08.2100.0283.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariables as achegas da Deputación e do Estado.”

08.2100.0283.0 Acondicionamento camiño Caamaño (Concello de Porto do Son)			
	Proxecto inicial	Proxecto reformado	Diferenza
Deputación f.p.	85.311,54	85.311,54	0
Deputación préstamo	58.727,5	58.727,5	0
Estado	24.427,67	24.427,67	0
Concello	8.866,67	19.132,58	10.265,91
TOTAL	177.333,38	187.599,29	10.265,91

8.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA SEGUNDA E TERCEIRA ANUALIDADE E APROBACIÓN DA ACTUACIÓN DA CUARTA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DO PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SEGUNDA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMÍA
	PROXECTO			(C-0)
1	Creación de novos produtos turísticos ao redor dos camiños de peregrinación (I)	204.365,78 €	199.217,58 €	5.148,20 €
1.1	<i>La Galaxia Imaginaria (Fene)</i>	167.573,27 €	167.573,27 €	
1.2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª etapa)</i>	36.792,51 €	31.644,31 €	
1.2.1	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase)</i>	11.970,00 €	11.970,00 €	

1.2. 2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)</i>	24.822,51 €	19.674,31 €	
4	Rutas dos ríos (I)	359.059,32 €	257.815,51 €	101.243,81 €
4.1	Ruta de sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	149.824,90 €	47.166,61 €	
4.2	Paseo fluvial no río Pontellas (Cerdido)	209.234,42 €	209.234,42 €	
4.2.1	Certificación complementaria río Pontellas (Cerdido)		1.414,48 €	
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	133.853,36 €	240.245,37 €	-106.392,01 €
9.1	Sinalización turística e <i>mupis</i> informativos	133.853,36 €	240.245,37 €	

- A actuación “**CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS TURÍSTICOS EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINAXE**”, sofre unha minoración de 5.148,20€, quedando o investimento final en **199.217,58€**.
- A actuación “**RUTAS DOS RÍOS**”, sofre unha baixa de 101.243,81€, quedando o orzamento definitivo en **257.815,51€**
- A actuación “**SINALIZACIÓN TURÍSTICA**”, ten unha alza na partida de 106.392,01€, cun importe final de **240.245,37€**.

2.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DE SEGUNDA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO		
1	Creación de novos produtos turísticos ao redor dos camiños de peregrinación (I)	204.365,78 €	199.217,58 €
1.1	<i>La Galaxia Imaginaria</i> (Fene)	167.573,27 €	167.573,27 €
1.2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª etapa)</i>	36.792,51 €	31.644,31 €
1.2.1	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase)</i>	11.970,00 €	11.970,00 €
1.2.2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)</i>	24.822,51 €	19.674,31 €
2	Creación de novos produtos turísticos para persoas con discapacidades (I)	0,00 €	0,00 €
2.1	Creación dun novo produto turístico vinculado ao deporte para persoas con discapacidades (Base náutica) (Valdoviño)	0,00 €	0,00 €
3	Posta en valor dos recursos en torno á ruta medieval (I)	64.341,00 €	64.341,00 €
3.1	Obras de acondicionamento do Castelo de Moeche	64.341,00 €	64.341,00 €
4	Rutas dos ríos (I)	359.059,32 €	257.815,51 €
4.1	Ruta de sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	149.824,90 €	47.166,61 €

4.2	Paseo fluvial no río Pontellas (Cerdido)	209.234,42 €	209.234,42 €
4.2.1	Certificación complementaria río Pontellas (Cerdido)		1.414,48 €
5	Edición de material de promoción	27.457,78 €	27.457,78 €
5.1	Edición de material de promoción	10.261,36 €	10.261,36 €
5.1.1	<i>Material de promoción (guía e vídeo)</i>	0,00 €	0,00 €
5.1.2	<i>Material de promoción (mapas, trípticos e bolsas)</i>	10.261,36 €	10.261,36 €
5.2	Material de merchandising	17.196,42 €	17.196,42 €
5.2.1	<i>Material de merchandising (fetiches)</i>	11.396,42 €	11.396,42 €
5.2.2	<i>Material de merchandising (camisetas)</i>	5.800,00 €	5.800,00 €
6	Plan de comercialización (I)	159.825,20 €	159.825,20 €
6.1	Presenza en feiras	14.825,20 €	14.825,20 €
6.1.1	<i>Stand en FITUR</i>	5.000,00 €	5.000,00 €
6.1.2	<i>Mobiguía en bluetooth</i>	2.900,00 €	2.900,00 €
6.1.3	<i>Azafata FITUR 2008</i>	2.981,20 €	2.981,20 €
6.1.4	<i>Material para encontro con touroperadores</i>	3.944,00 €	3.944,00 €
6.2	Televisión IP Ferrol-Ortegal	85.000,00 €	85.000,00 €
6.3	Promoción do PDPT	60.000,00 €	60.000,00 €
6.3.1	<i>Reimpresión guía turística</i>		8.890,00 €
6.3.1	<i>Pradolongo</i>		11.000,00 €
6.3.2	<i>Expozaragoza</i>		4.640,00 €
6.3.3	<i>Traslado autobús</i>		11.995,00 €
6.3.4	<i>Servizos accesorios tren turístico</i>		8.720,40 €
6.3.5	<i>Stand modular</i>		5.579,60 €
6.3.6	<i>Promoción do PDPT</i>		9.175,00 €
7	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €	36.000,00 €
7.1	Xerencia do PDPT (A partir do 01.08.07 ao 31.03.08)	36.000,00 €	36.000,00 €
8	GASTOS VARIOS	20.286,56 €	20.286,56 €
8.1	Gastos varios	14.286,56 €	14.286,56 €

8.1. 1	Gastos curso xerentes PDPT	623,81 €	623,81 €
8.1. 2	Tren turístico Ferrol-Ortegal	11.000,00 €	11.000,00 €
8.1. 3	Asistencia visita profesional tren	2.662,75 €	2.662,75 €
8.2	Estudo do perfil do turista (II)	6.000,00 €	6.000,00 €
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	133.853,36 €	240.245,37 €
9.1	Sinalización turística e <i>mupis</i> informativos	133.853,36 €	240.245,37 €
	Total	1.005.189,00 €	1.005.189,00 €

3.- DETALLE DE ACTUACIÓN EN ACCIÓN. CADRO DEFINITIVO DE SEGUNDA ANUALIDADE

As actuacións aprobadas na Comisión foron detalladas en accións concretas do xeito seguinte:

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO	
1	Creación de novos produtos turísticos en torno aos camiños de peregrinación (I)	199.217,58 €
1.1	<i>La Galaxia Imaginaria</i> (Fene)	167.573,27 €
1.2	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª etapa)	31.644,31 €
1.2. 1	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase)</i>	11.970,00 €
1.2. 2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)</i>	19.674,31 €
2	Creación de novos produtos turísticos para persoas con discapacidades (I)	0,00 €
2.1	Creación dun novo produto turístico vinculado ao deporte para persoas con discapacidades (Base náutica) (Valdoviño)	0,00 €
3	Posta en valor dos recursos en torno á ruta medieval (I)	64.341,00 €
3.1	Obras de acondicionamento do Castelo de Moeche	64.341,00 €
4	Rutas dos Ríos (I)	257.815,51 €
4.1	Ruta de sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	47.166,61 €
4.2	Paseo fluvial no río Pontellas (Cerdido)	209.234,42 €
4.2.1	Certificación complementaria río Pontellas (Cerdido)	1.414,48 €

5	Edición de material de promoción	27.457,78 €
5.1	Edición de material de promoción	10.261,36 €
5.1.1	<i>Material de promoción (guía e vídeo)</i>	0,00 €
5.1.2	<i>Material de promoción (mapas, trípticos e bolsas)</i>	10.261,36 €
5.2	Material de merchandising	17.196,42 €
5.2.1	<i>Material de merchandising (fetiches)</i>	11.396,42 €
5.2.2	<i>Material de merchandising (camisetas)</i>	5.800,00 €
6	Plan de comercialización (I)	159.825,20 €
6.1	Presenza en feiras	14.825,20 €
6.1.1	<i>Stand en FITUR</i>	5.000,00 €
6.1.2	<i>Mobiguía en bluetooth</i>	2.900,00 €
6.1.3	<i>Azafata FITUR 2008</i>	2.981,20 €
6.1.4	<i>Material para encontro con touroperadores</i>	3.944,00 €
6.2	Televisión IP Ferrol-Ortegal	85.000,00 €
6.3	Promoción do PDPT	60.000,00 €
6.3.1	<i>Reimpresión guía turística</i>	8.890,00 €
6.3.1	<i>Pradolongo</i>	11.000,00 €
6.3.2	<i>Expozaragoza</i>	4.640,00 €
6.3.3	<i>Traslado autobús</i>	11.995,00 €
6.3.4	<i>Servizos accesorios tren turístico</i>	8.720,40 €
6.3.5	<i>Stand modular</i>	5.579,60 €
6.3.6	<i>Promoción do PDPT</i>	9.175,00 €
7	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €
7.1	Xerencia do PDPT (A partir do 01.08.07 ao 31.03.08)	36.000,00 €
8	GASTOS VARIOS	20.286,56 €
8.1	Gastos varios	14.286,56 €
8.1.1	<i>Gastos curso xerentes PDPT</i>	623,81 €
8.1.2	<i>Tren turístico Ferrol-Ortegal</i>	11.000,00 €

8.1. 3	Asistencia visita profesional tren	2.662,75 €
8.2	Estudo do perfil do turista (II)	6.000,00 €
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	240.245,37 €
9.1	Sinalización turística e <i>mupis</i> informativos	240.245,37 €
	Total	1.005.189,00 €

4.- MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE TERCEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMÍA
	PROXECTO			(C-0)
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	325.532,32 €	257.096,80 €	68.435,52 €
1.1	Rehabilitación da casa reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	198.000,00 €	155.440,00 €	42.560,00 €
1.2	Rehabilitación da ermida de San Antonio de Neda	36.942,51 €	29.348,00 €	7.594,51 €
1.3	Acondicionamento do adro de Santa María e do contorno da ermida de San Antonio (Neda)	90.589,81 €	72.308,80 €	18.281,01 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	41.904,00 €	41.903,72 €	0,28 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	25.000,00 €	24.999,72 €	0,28 €
2.2	Bicicletares (2ª fase)	16.904,00 €	16.904,00 €	
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €	206.196,08 €	-6.196,08 €
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes (Ortigueira)	200.000,00 €	0,00 €	
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)		206.196,08 €	
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €
4.1	Remodelación do adro do Convento do Rosario (San Sadurniño)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	89.451,48 €	171.405,55 €	-81.954,07 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €	
5.2	Material temático de promoción	51.355,48 €	45.159,40 €	

5.3	Promoción PDPT	18.096,00 €	64.246,15 €	
5.4	Actuacións de creación de produto turístico		42.000,00 €	
5.4.1	Asesoramento en creación de paquetes e promocións conxuntas		12.000,00 €	
5.4.2	Campaña de creación de menús turísticos		12.000,00 €	
5.4.3	SIG de recursos turísticos do destino e integración en web		18.000,00 €	

- A actuación “POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINAXE”, sofre unha minoración de 68.435,52 €, quedando o investimento final en **257.096,80 €**.
- A actuación “POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE”, sofre unha baixa de 0,28€, quedando o orzamento definitivo en **41.903,72 €**
- A actuación “INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES”, ten unha alza na partida de 6.196,08€ e cámbiase a actuación, indo para a cuarta anualidade do PDPT o Centro de Recepción de Visitantes de Ortigueira, cun importe final de **206.196,08€**.
- A actuación “POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)” baixa o seu importe en 19.714,35 €, quedando o orzamento final en **175.497,85 €**.
- A actuación “PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)” sofre unha alza na partida de 81.954,07 €, sendo o orzamento definitivo **171.405,55 €**

5.- COMPARATIVA DE IMPORTES E ACTUACIÓNS DE TERCEIRA ANUALIDADE CON RESPECTO AO ANTERIORMENTE APROBADO POLO PLENO DA DEPUTACIÓN

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	ECONOMÍA (C-0)
	PROXECTO			
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	325.532,32 €	257.096,80 €	68.435,52 €
1.1	Rehabilitación da casa reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	198.000,00 €	155.440,00 €	42.560,00 €
1.2	Rehabilitación da ermida de San Antonio de Neda	36.942,51 €	29.348,00 €	7.594,51 €
1.3	Acondicionamento do adro de Santa María e do contorno da ermida de San Antonio (Neda)	90.589,81 €	72.308,80 €	18.281,01 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	41.904,00 €	41.903,72 €	0,28 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	25.000,00 €	24.999,72 €	0,28 €
2.2	Bicicletares (2ª fase)	16.904,00 €	16.904,00 €	
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €	206.196,08 €	-6.196,08 €
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes (Ortigueira)	200.000,00 €	0,00 €	

3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)		206.196,08 €	
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €
4.1	Remodelación do adro do Convento do Rosario (San Sadurniño)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	89.451,48 €	171.405,55 €	-81.954,07 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €	
5.2	Material temático de promoción	51.355,48 €	45.159,40 €	
5.3	Promoción PDPT	18.096,00 €	64.246,15 €	
5.4	Actuacións de creación de produto turístico		42.000,00 €	
5.4.1	<i>Asesoramento en creación de paquetes e promocións conxuntas</i>		12.000,00 €	
5.4.2	<i>Campaña de creación de menús turísticos</i>		12.000,00 €	
5.4.3	<i>SIG de recursos turísticos do destino e integración en web</i>		18.000,00 €	
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	29.360,00 €	29.360,00 €	0,00 €
6.1	Creación de rutas urbanas (Cedeira, Ortigueira, Ferrol)	26.000,00 €	26.000,00 €	
6.2	Creación de ruta do Pan de Neda	3.360,00 €	3.360,00 €	
7	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €	54.000,00 €	0,00 €
7.1	Xerencia do plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €	54.000,00 €	
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	935.460,00 €	935.460,00 €	0,00 €

6.- DETALLE DE ACTUACIÓN EN ACCIÓNS. CADRO DEFINITIVO DE TERCEIRA ANUALIDADE

As actuacións aprobadas na comisión foron detalladas en accións concretas da forma seguinte:

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO ACTUALIZADO
	PROXECTO	
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	257.096,80 €
1.1	Rehabilitación da casa reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	155.440,00 €

1.2	Rehabilitación da ermida de San Antonio de Neda	29.348,00 €
1.3	Acondicionamento do adro de Santa María e do contorno da ermida de San Antonio (Neda)	72.308,80 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	41.903,72 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	24.999,72 €
2.2	Bicicletares (2ª fase)	16.904,00 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	206.196,08 €
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes (Ortigueira)	0,00 €
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	206.196,08 €
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	175.497,85 €
4.1	Remodelación do adro do Convento do Rosario (San Sadurniño)	175.497,85 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	171.405,55 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €
5.2	Material temático de promoción	45.159,40 €
5.3	Promoción PDPT	64.246,15 €
5.4	Actuacións de creación de produto turístico	42.000,00 €
5.4.1	<i>Asesoramento en creación de paquetes e promocións conxuntas</i>	<i>12.000,00 €</i>
5.4.2	<i>Campaña de creación de menús turísticos</i>	<i>12.000,00 €</i>
5.4.3	<i>SIG de recursos turísticos do destino e integración en web</i>	<i>18.000,00 €</i>
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	29.360,00 €
6.1	Creación de rutas urbanas (Cedeira, Ortigueira, Ferrol)	26.000,00 €
6.2	Creación de ruta de Pan de Neda	3.360,00 €
7	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €
7.1	Xerencia do Plan (01/04/08-31/03/09)	54.000,00 €
	TOTAL TERCEIRA ANUALIDADE	935.460,00 €

7.- APROBACIÓN DE ACTUACIÓN DE CUARTA ANUALIDADE

As actuacións aprobadas para a cuarta anualidade do PDPT Ferrol-Ortegal quedan detalladas no cadro inferior da forma seguinte:

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO INICIAL
	PROXECTO	
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	210.000,00 €
1.1	Execución da ruta de San Andrés de Teixido. (Bares-San Andrés)	150.000,00 €
1.2	Camiños milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)	60.000,00 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	25.000,00 €
2.1	Apoio a eventos relacionados con produto de surf	25.000,00 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes en Ortigueira	200.000,00 €
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	139.210,00 €
4.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	139.210,00 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	106.957,00 €
5.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	106.957,00 €
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	110.000,00 €
6.1	Creación de ruta interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugardos)	60.000,00 €
6.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegal apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €
7	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €
7.1	Xerencia do plan (01/04/09-31/03/10)	54.000,00 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €

Todas as actuacións citadas da segunda, terceira e cuarta anualidade son financiadas con cargo á partida 0305/751A/628.01 Cód. prox. 2007.3.80010.2, 2008.3.80010.2 e 2009.3.80010.2”

ANEXO 1: MODIFICACIÓN ACTUACIONES 2ª ANUALIDADE

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	DIFERENZA	ALTAS	BAIXAS
1	Creación de novos produtos turísticos en torno aos camiños de peregrinación (I)	204.365,78 €	199.217,58 €	5.148,20 €	0,00 €	5.148,20 €
1.1	La Galaxia Imaginaria (Fene)	167.573,27 €	167.573,27 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
1.2	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª etapa)	36.792,51 €	31.644,31 €	5.148,20 €	0,00 €	5.148,20 €
1.2.1	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª fase)</i>	<i>11.970,00 €</i>	<i>11.970,00 €</i>	<i>0,00 €</i>	<i>0,00 €</i>	<i>0,00 €</i>
1.2.2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)</i>	<i>24.822,51 €</i>	<i>19.674,31 €</i>	<i>5.148,20 €</i>	<i>0,00 €</i>	<i>5.148,20 €</i>
4	Rutas dos ríos (I)	359.059,32 €	257.815,51 €	101.243,81 €	1.414,48 €	102.658,29 €
4.1	Ruta de sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	149.824,90 €	47.166,61 €	102.658,29 €	0,00 €	102.658,29 €
4.2	Paseo fluvial no río Pontellas (Cerdido)	209.234,42 €	209.234,42 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
4.2.1	Certificación complementaria río Pontellas (Cerdido)	0,00 €	1.414,48 €	-1.414,48 €	1.414,48 €	0,00 €
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA	133.853,36 €	240.245,37 €	-106.392,01 €	106.392,01 €	0,00 €
9.1	Sinalización turística e mupis informativos	133.853,36 €	240.245,37 €	-106.392,01 €	106.392,01 €	0,00 €
		697.278,46 €	697.278,46 €	0,00 €	107.806,49 €	107.806,49 €

ANEXO 1bis: DOCUMENTOS CONTABLES MODIFICACIÓN ACTUACIONES 2ª ANUALIDADE

BAIXAS

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	IMPORTE BAIXA	TIPO DOCUMENTO	Nº OPERACIÓN
1	Creación de novos produtos turísticos en torno aos camiños de peregrinación (I)	36.792,51 €	31.644,31 €	5.148,20 €		
1.2	Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (1ª etapa)	36.792,51 €	31.644,31 €	5.148,20 €	RC/	220070024019
1.2.2	<i>Camiños Milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)</i>	24.822,51 €	19.674,31 €	5.148,20 €		
4	Rutas dos ríos (I)	149.824,90 €	47.166,61 €	102.658,29 €	RC/	220070021930
4.1	Ruta de sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	149.824,90 €	47.166,61 €	102.658,29 €	AD/	220070053393
		186.617,41 €	78.810,92 €	107.806,49 €		

ALTAS

Nº	DESCRICIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	IMPORTE ALTA	TIPO DOCUMENTO
4	Rutas dos ríos (I) - INCREMENTO IMPORTE PLENO MARZO 09	0,00 €	1.414,48 €	1.414,48 €	RC
4.2.1	Certificación complementaria río Pontellas (Cerdido) - INCREMENTO IMPORTE PLENO MARZO 09	0,00 €	1.414,48 €	1.414,48 €	A
9	SINALIZACIÓN TURÍSTICA - INCREMENTO IMPORTE PLENO MARZO 09	133.853,36 €	240.245,37 €	106.392,01 €	RC
9.1	Sinalización turística e mupis informativos - INCREMENTO IMPORTE PLENO MARZO 09	133.853,36 €	240.245,37 €	106.392,01 €	A
		133.853,36 €	241.659,85 €	107.806,49 €	

ANEXO 2: MODIFICACIÓN ACTUACIONES 3ª ANUALIDADE

Nº	ACTUACION	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	DIFERENZA	ALTAS	BAIXAS
	1 POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	325.532,32 €	257.096,80 €	68.435,52 €	0,00 €	68.435,52 €
1.1	Rehabilitación da Casa Rectoral no entorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	198.000,00 €	155.440,00 €	42.560,00 €	0,00 €	42.560,00 €
1.2	Rehabilitación da ermida de San Antonio de Neda	36.942,51 €	29.348,00 €	7.594,51 €	0,00 €	7.594,51 €
1.3	Acondicionamento do adro de Santa María e do entorno da ermida de San Antonio (Neda)	90.589,81 €	72.308,80 €	18.281,01 €	0,00 €	18.281,01 €
	2 POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	41.904,00 €	41.903,72 €	0,28 €	0,00 €	0,28 €
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	25.000,00 €	24.999,72 €	0,28 €	0,00 €	0,28 €
2.2	Bicicletares (2ª fase)	16.904,00 €	16.904,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	3 INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €	206.196,08 €	-6.196,08 €	206.196,08 €	200.000,00 €
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes (Ortigueira)	200.000,00 €	0,00 €	200.000,00 €	0,00 €	200.000,00 €
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	0,00 €	206.196,08 €	-206.196,08 €	206.196,08 €	0,00 €
	4 POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €	0,00 €	19.714,35 €
4.1	Remodelación do adro do Convento do Rosario (San Sadurniño)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €	0,00 €	19.714,35 €
	5 PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	89.451,48 €	171.405,55 €	-81.954,07 €	88.150,15 €	6.196,08 €
5.1	Asistencia a eventos	20.000,00 €	20.000,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
5.2	Material temático de promoción	51.355,48 €	45.159,40 €	6.196,08 €	0,00 €	6.196,08 €

5.3	Promoción PDPT	18.096,00 €	64.246,15 €	-46.150,15 €	46.150,15 €	0,00 €
5.4	Actuacións de creación de produto turístico	0,00 €	42.000,00 €	-42.000,00 €	42.000,00 €	0,00 €
5.4.1	<i>Asesoramento en creación de paquetes e promocións conxuntas</i>	0,00 €	12.000,00 €	-12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €
5.4.2	<i>Campaña de creación de menús turísticos</i>	0,00 €	12.000,00 €	-12.000,00 €	12.000,00 €	0,00 €
5.4.3	<i>SIG de recursos turísticos do destino e integración en web</i>	0,00 €	18.000,00 €	-18.000,00 €	18.000,00 €	0,00 €
		852.100,00 €	852.100,00 €	0,00 €	294.346,23 €	294.346,23 €

ANEXO 2bis: DOCUMENTOS CONTABLES MODIFICACIÓN ACTUACIONES 3ª ANUALIDADE

BAIXAS

Nº	ACTUACIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	IMPORTE BAIXA	TIPO DOCUMENTO	Nº OPERACIÓN
	1 POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (II)	325.532,32 €	257.096,80 €	68.435,52 €	RC/	220080018106
1.1	Rehabilitación da casa reitoral no contorno arquitectónico de Sta María da Pedra para creación de albergue (Cariño)	198.000,00 €	155.440,00 €	42.560,00 €	A/	220080018224
1.2	Rehabilitación da ermida de San Antonio de Neda	36.942,51 €	29.348,00 €	7.594,51 €	A/	220080018227
1.3	Acondicionamento do Adrio de Santa María e do contorno da ermida de San Antonio (Neda)	90.589,81 €	72.308,80 €	18.281,01 €	A/	220080018233
	2 POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	25.000,00 €	24.999,72 €	0,28 €	RC/	220080018107
2.1	Apoio a Pantín Classic 2008	25.000,00 €	24.999,72 €	0,28 €	A/	220080018234
	3 INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €	0,00 €	200.000,00 €	RC/	220080018109
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes (Ortigueira)	200.000,00 €	0,00 €	200.000,00 €	A/	220080018237
	4 POSTA EN VALOR DOS RECURSOS EN TORNO Á RUTA MEDIEVAL (II)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €	RC/	220080018110
4.1	Remodelación do adro do Convento del Rosario (San Sadurniño)	195.212,20 €	175.497,85 €	19.714,35 €		
	5 PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	51.355,48 €	45.159,40 €	6.196,08 €	RC/	220080018126
5.2	Material temático de promoción	51.355,48 €	45.159,40 €	6.196,08 €	A/	220080018240
		797.100,00 €	502.753,77 €	294.346,23 €		

ALTAS

Nº	DESCRICIÓN	ORZAMENTO COMISIÓN 07/10/08	ORZAMENTO ACTUALIZADO	IMPORTE ALTA	TIPO DOCUMENTO
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	0,00 €	206.196,08 €	206.196,08 €	RC
3.1	Actuacións na área recreativa do Toxo (Cedeira)	0,00 €	206.196,08 €	206.196,08 €	A
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II) - INCREMENTO IMPORTE PLENO MARZO 09	18.096,00 €	106.246,15 €	88.150,15 €	RC
5.3	Promoción PDPT - INCREMENTO IMPORTE PLENO MARZO 09	18.096,00 €	64.246,15 €	46.150,15 €	A
5.4	Actuacións de creación de produto turístico	0,00 €	42.000,00 €	42.000,00 €	A
5.4.1	<i>Asesoramento en creación de paquetes e promocións conxuntas</i>	<i>0,00 €</i>	<i>12.000,00 €</i>	<i>12.000,00 €</i>	
5.4.2	<i>Campaña de creación de menús turísticos</i>	<i>0,00 €</i>	<i>12.000,00 €</i>	<i>12.000,00 €</i>	
5.4.3	<i>SIG de recursos turísticos do destino e integración en web</i>	<i>0,00 €</i>	<i>18.000,00 €</i>	<i>18.000,00 €</i>	
		18.096,00 €	312.442,23 €	294.346,23 €	

ANEXO 3: APROBACIÓN ACTUACIONES 4ª
ANUALIDADE

Nº	ACTUACION	ALTAS
1	POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO EN TORNO AOS CAMIÑOS DE PEREGRINACIÓN (III)	210.000,00 €
1.1	Execución da ruta de San Andrés de Teixido. (Bares-San Andrés)	150.000,00 €
1.2	Camións milenarios de Santo André de Teixido (2ª fase)	60.000,00 €
2	POTENCIACIÓN TURISMO NAUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	25.000,00 €
2.1	Apoio a eventos relacionados con produto de surf	25.000,00 €
3	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E DE RECEPCIÓN DE VISITANTES	200.000,00 €
3.1	Creación dun centro de recepción de visitantes en Ortigueira	200.000,00 €
4	POSTA EN VALOR DOS RECURSOS E CREACIÓN DE NOVOS PRODUTOS	139.210,00 €
4.1	Revalorización da batería da Bailadora (Ares)	139.210,00 €
5	PLAN DE COMUNICACIÓN E COMERCIALIZACIÓN (II)	106.957,00 €
5.1	Plan de comunicación 4ª anualidade	106.957,00 €
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	110.000,00 €
6.1	Creación de ruta interpretación patrimonio natural e cultural II (Mugardos)	60.000,00 €
6.2	Creación de rutas en Ferrol-Ortegal apoiadas en novas tecnoloxías (audioguías)	50.000,00 €
7	XERENCIA DO PLAN	54.000,00 €
7.1	Xerencia do plan (01/04/09-31/03/10)	54.000,00 €
	TOTAL CUARTA ANUALIDADE	845.167,00 €

DOCUMENTOS CONTABLES DA 4ª ANUALIDADE 2009 QUE HAI QUE ANULAR

Nº Operación	Fase	Importe	Texto Libre
220089000189	RC	36.000,00	ECONET,S.L.-ANUAL. 09 POSTA EN MARCHA XERENCIA. PLAN DINAMIZAC. TURIST. FERROL E ORTEGAL
220089000424	AD	36.000,00	ECONET,S.L.-ANUAL. 09 POSTA EN MARCHA XERENCIA. PLAN DINAMIZAC. TURIST. FERROL E ORTEGAL
220079000836	RC	809.167,00	PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA FERRORL-ORTEGAL. ANUALIDADES 2008/2009
220089000243	A	809.167,00	PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA FERRORL-ORTEGAL. ANUALIDADES 2008/2009
220090000979	D	15.300,00	VALKIRIA PROD. E MANEG.,SL.- PDT FERRORL-ORTEGAL. PRESENTACION CANLE TELEVISION EN FITUR.

9.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO E APROBACIÓN DO CONVENIO COA ASOCIACIÓN AMIPA, DE PADRÓN, PARA O EQUIPAMENTO DUN CENTRO OCUPACIONAL EN ROIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a formalización do convenio de colaboración coa entidade AMIPA (Asociación de nais e pais de persoas con discapacidade intelectual), da comarca do Sar, co CIF G-15611536 e con sede en Padrón, para o cofinanciamento do gasto para equipamento do centro ocupacional situado en Rois, aprobando o orzamento do investimento no importe de 120.500,00 euros, que supón unha minoración do aprobado no Pleno con data do 31 de outubro de 2008, que era de 150.000,00 euros, e mantendo a achega provincial disposta no indicado Pleno, por importe de 65.000,00 euros, o que supón a aplicación do coeficiente de financiamento do 53,94%, que se aboarán conforme ao disposto nas cláusulas do convenio e con cargo á partida 0701/313M/789.01 do vixente presuposto, RC nº de operación 220080031965, con data do 20-02-2009.

Facultar á Presidencia da Corporación para todo o necesario coa sinatura do convenio.”

CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL DA COMARCA DO SAR PARA O EQUIPAMENTO DE CENTRO OCUPACIONAL EN ROIS

A Coruña, de de dous mil nove

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

D^a. Josefa Pardal Cristobo, con D.N.I. 33.216.676-F, presidenta e representante da Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade Intelectual da Comarca do Sar

EXPOÑEN

Que a Deputación Provincial da Coruña ten, dentro das súas competencias, conforme ao art. 22, apartado 6, da Lei de servizos sociais 4/93 para Galicia, a de colaborar coas entidades de iniciativa social (sen ánimo de lucro) para o financiamento de programas e servizos sociais de atención especializada, que teñan carácter supramunicipal, sendo servizos de atención especializada conforme ao art. 13 da dita lei a integración e rehabilitación de persoas con discapacidade psíquica.

Que a Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar, de conformidade cos seus estatutos ten como fin a integración social e laboral de persoas con discapacidade psíquica.

En consecuencia, ámbalas dúas partes, acordan as seguintes:

CLAUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar, co CIF G-15.611.536**, e sede en Padrón, para o financiamento da adquisición do equipamento e moblaxe do centro ocupacional de Rois. (Proxecto e oferta realizada por FECAMA, S.L., e deseño de Anxo Rivas)

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar**, o orzamento máximo para a adquisición ascende a **120.500 euros**, co detalle seguinte:

CONCEPTO	GASTOS (€)
Taller 1	9.999,00
Taller 2	7.251,00
Comedor	8.449,00
Cociña	27.450,31
Recepción	3.045,00
Armario	3.562,00
Oficinas	5.148,00
Enfermería	952,00
Zona común	1.994,00
Sala polivalente	10.430,00
Taller-loft	6.631,00
Sala reunións	4.173,00
Complementos	1.295,00
Fotocopiadora	1.500,00
Imprevistos	12.000,00
TOTAL	103.879,31
IVE (16%)	16.620,69
TOTAL	120.500,00

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **65.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **53,94%**.
2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o **53,94%**, da cantidade efectivamente xustificada. *Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.*
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición dos bens, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0701/313M/789.01**, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar**, obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** o outorgamento dos correspondentes contratos. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas o entidades vinculadas á **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar**, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** deberá solicitar, cando menos, tres orzamentos a distintos subministradores, a distintas empresas. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na memoria das actividades e na publicidade do centro farase constar o importe do financiamento provincial
2. Adquirido o ben, a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** deberá colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia a achega provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da deputación seralle abonada á **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- a) Facturas correspondentes aos bens. Só se terá en conta o IVE que non sexa deducible.
- b) Certificación do acordo da asociación polo que se aproban as facturas, expedida polo órgano competente.
- c) Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar**.
- d) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- e) Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- f) Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES a partir do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se reciba ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento á **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** na documentación aportada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** terá dereito ao

aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá supoñer a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle, en todo caso, audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o antedito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 54^a das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, a demora na adquisición do inmovible suporá unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se a demora non excede de tres meses. Se a demora na realización das obras obxecto da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se a demora se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de

75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30 de xuño do 2009.
2. Previa solicitude da **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar**, realizada, cando menos, dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o da **Asociación de Nais e Pais de Persoas con Discapacidade da Comarca do Sar**, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº do

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE
Salvador Fernández Moreda	

10.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DO CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DA PARCELA Nº 39 DO POLÍGONO DE SABÓN.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración da cualificación xurídica da parcela 39 do Polígono de Sabón, cuxa descrición figura no plano da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda, para a súa cualificación como ben patrimonial:

Nº PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	Nº INVENTARIO DE BENS
39	9956701NH3995N0001SP	35

2.- Expoñer o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes contado desde a publicación no BOP, para os efectos de reclamacións. Transcorrido o devandito prazo someterase á consideración do Pleno para a resolución das devanditas reclamacións e se é o caso a aprobación definitiva.

3.- Facultar ao presidente da Corporación para executar o presente acordo.

4.- Unha vez aprobado definitivamente iniciárase o expediente de cesión da parcela 39 do Polígono de Sabón ao Concello de Arteixo.”

11.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE CAMBIO DE CUALIFICACIÓN DA PARCELA Nº 34 DO POLÍGONO DE SABÓN E APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE ARTEIXO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“A. Aprobar definitivamente o expediente de alteración do cambio de cualificación da parcela nº 34 do Polígono Industrial de Sabón.

B. Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso ao Concello de Arteixo da parcela nº 34 do Polígono Industrial de Sabón para a construción de equipamentos deportivos –Pavillón municipal-:

1. O prazo de cesión de uso do local será de trinta anos contado desde a entrega deste por parte da Deputación, prorrogable antes da súa finalización por igual período. Transcorrido o devandito prazo o local comercial cedido en uso reverterá ao patrimonio da Deputación.

A Deputación, en calquera momento e en función das necesidades para fins provinciais, poderá deixar sen efecto a autorización de cesión de uso cun aviso previo de tres meses.

2. O obxecto da presente cesión da parcela 34 do Polígono Industrial de Sabón ao Concello de Arteixo.

3. A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva de construción de equipamentos deportivos –pavillón municipal-, que deberá estar finalizada e en uso no prazo de cinco anos desde a entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá a parcela a esta Excma. Deputación para o cal será suficiente a acta notarial expresiva de que o Concello de Arteixo, a requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento das instalacións deportivas.

4. O pagamento de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se reporten da cesión ou utilización da parcela serán por conta do Concello de Arteixo.

5. A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excma. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión de uso sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Concello de Arteixo.

6. A Deputación resérvase o dereito de uso dos bens durante quince días ao ano para realizar aquelas actividades que considere necesarias.

C. Expoñer ao público, mediante a súa publicación no BOP o citado expediente de cesión de uso durante un prazo de 15 días para os efectos de presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo de exposición ao público, someterase de novo ao Pleno da Deputación para a súa aprobación definitiva.

D. Facultar ao presidente para executar o presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

12.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS 2009 (PAC-1).

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

INTERVENCIONS

Sr. García Gorostizu

Moitas grazas, Sr. Presidente. Esta intervención non se axusta á miña condición de voceiro en materia de economía e facenda, pero si garda unha relación moi directa co

último punto, xa que pode estar subsumida a súa viabilidade no mesmo, e pola importancia que pode ter este punto e o seguinte, como outros contidos no expediente da orde do día número 28, ao noso grupo maioritario na reunión preparatoria deste Pleno, cremos conveniente unha intervención de posicionamento, e que garda relación tamén co último punto. Se me permite, Sr. Presidente, atopámonos diante dun asunto de ámbito competencial da deputación pero que encaixa moi directamente no que é a política en estado puro, porque o propio enunciado que formulan os dous puntos da orde do día gardan relación directa coa palabra crise e, polo tanto, polo menos para quen temos unha afección pola historia e pola política, a política está moi relacionada coa crise, eu, se mo permiten, véxome obrigado a facer unha digresión histórica lembrando naquelas reunións do século V en Atenas, que ao inmortal Pericles preguntáronlle que cal era a arte máis sinxela naquela cidade na que todas as artes salientaban, e el dixo que a máis sinxela de todas era a política, porque consistía en responder a tres preguntas: que é o que hai que facer, como hai que facelo e quen ten que facelo. Pero a seguir engadía, paradoxicamente, que se convertía, na práctica, na máis complexa, porque existía a natureza humana, o que os gregos chamaban “hibris”, a ambición de poder, a vangloria, e nesa dimensión é onde nós, desde esa complexidade, analizamos este punto. Estamos en crise e o mesmo Pericles foi capaz na guerra do Peloponeso, ata a súa morte, de acadar un gran consenso de toda a cidade, podemos gañar a guerra, podemos superar a crise, se se dan tres condicións básicas: nunca expoñer unha batalla aberta en campo aberto, resistir os ataques lacedemonios no interior das cidades e aproveitar a magnífica flota marítima que tiña Atenas para atacar ás cidades lacedemonias. Cando Pericles morreu, algúns personaxes que querían ocupar o seu lugar romperon ese consenso, e por esa natureza humana, por ese afán de vangloria, por ese afán de querer pasar á historia, perderon a guerra do Peloponeso e iniciou Atenas a súa decadencia.

Aquí non hai un personaxe como Pericles, pero si hai unha lóxica esmagante, que serviu de base a un consenso, que é a boa saúde financeira desta institución, e a necesidade dos nosos concellos de facer fronte a unha situación que en moitos aspectos estruturais lles vén dada. E perante esa situación de acadar un consenso diante dunha situación de crise, o grupo maioritario tivo presente cinco presupostos para abordalo.

En primeiro lugar, que era unha ocasión magnífica para lexitimar a existencia desta institución provincial, a súa boa saúde financeira permite e permitía optimizar unha realidade que era a crise económica dos concellos que se padecía por paralización de políticas públicas en materia do estatuto básico dos entes locais, e todo o que iso comporta.

En segundo lugar, en que creo, falando en representación do noso grupo, que soubemos antepoñer os intereses desta institución aos intereses partidistas, aos prexuízos ideolóxicos, á “hibris”, ou á vangloria, ou ao non querer que as cousas saian ben.

En terceiro lugar, a unha capacidade demostrada nestes plenos, desde os últimos seis meses, de diagnosticar a situación e de realizar propostas, no sentido de conseguir precisamente estes fondos que os concellos demandaban.

En cuarto lugar, unha evidente receptividade do equipo de goberno ante propostas de optimizar a realidade por parte do grupo maioritario, e como consecuencia deses antecedentes, ese proceso de diálogo, ese proceso de negociación, deu lugar a estes dous programas que, evidentemente, revisten, ou deberían revestir, se as situacións estivesen normalizadas, unha situación de excepcionalidade.

Nós ímolos votar favorablemente polo que levan implícito, porque a deputación acredita e lexítima a súa razón de ser, poñendo parte dos seus recursos financeiros ao servizo dos entes locais, que son quen os van executar e que, nese aspecto, sabendo que está pendente polo resultado das nosas eleccións autonómicas, terminar o financiamento autonómico e ao mesmo tempo desenvolver unhas políticas públicas desde a Xunta de Galicia que contribúan a dar contido á segunda descentralización, ao que este portavoz puido estar dicindo de incrementar os fondos de cooperación local, a dotar de maior competencias e financiamento aos entes locais, cremos e confiamos que en tanto se poida superar a crise, non terán razón de ser estes plans, pero tamén cremos que se as políticas públicas se atrasan como viñeron sendo con carácter estrutural ao longo destes anos con relación ao financiamento dos concellos, esperemos, pero se así é, que a propia Deputación provincial, presidida como está presidida, tamén este consenso para seguir e continuar abordando esta translación de recursos económicos da deputación aos concellos, siga sendo unha das cousas que claramente todos os grupos estamos de acordo. Moitas grazas, Sr. Presidente.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. Presidente, Sras. e Sres. Deputados, bos días a todos e a todas.

Quero empezar a miña intervención agradecendo as palabras do representante do Grupo Popular, as cales, no nome do equipo de goberno e do Grupo Provincial Socialista valoramos moi positivamente. Entendemos que indubidablemente as institucións son cousa de todos, son cousas do equipo de goberno, neste caso sustentado polo Partido dos Socialistas de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego e polo grupo da oposición, polo Grupo Popular. E son cousas de todos porque as achegas que se fixéron por parte dos distintos grupos trataron de reflectirse, aquí unimos indubidablemente tres puntos, o 12, o 13 e o Expediente de modificación de créditos número 1, tratáronse de reflectir neste expediente que culmina con este Pleno provincial antes das iniciativas de control.

Quero facer unha pequena referencia á historia, neste caso, como vostede falaba de Pericles, eu vou facer unha referencia a unha historia máis recente. No debate orzamentario do pasado mes de novembro, este equipo de goberno na presentación dos presupostos facía unha análise da situación das corporacións locais e falabamos entón

de que, indubidablemente, estabamos en ano de vacas fracas, dicía concretamente eu desde este escano, e ese ano de vacas fracas que viñan pola mingua de distintos ingresos dos concellos en aspectos como o ICIO, o imposto de construcións, o cal comportaba unha baixada do IBI, do imposto de bens inmobles, das plusvalías, e tamén do imposto de actividades económicas. Todo iso pola crise que, indubidablemente, é un fenómeno globalizador, un fenómeno mundial, e España, non afastada do mundo occidental, tamén está inmersa nel.

Falabamos tamén da problemática do financiamento local, que entón se estaba discutindo, e aínda estamos discutindo na Federación Española de Municipios e Provincias, da cal formo parte nese debate eu como representante da FEGAMP de Galicia. E dicíamos tamén que esta problemática non pode ser allea a esta institución. A deputación, como concello de concellos, ten que dar respostas áxiles, ten que dar respostas atinadas, e ten que dar respostas certas a toda esta problemática. Por que a deputación dá estas respostas?, porque, efectivamente, como ben dicía o Sr. Gorostizu, goza dunha boa saúde económica, goza dunha fortaleza financeira que nos permite afrontar estes plans que, sen lugar a dúbidas, van influír nos concellos da provincia, e nos cidadáns que son os seus últimos destinatarios.

Aplicáronse políticas restritivas en contención do gasto corrente, en contención dos salarios dos políticos. Falamos e pasamos a actuar en investimentos produtivos para combater o paro, e agora chega a hora, o momento, de facer fronte a estes dous plans, que cada un significa dez millóns de euros, dun total de vinte, e que tamén foron precedidos, por así dicilo, con outro plan de axuda aos concellos onde no plan estatal de 8.000 millóns de euros do goberno central, o plan chamado Zapatero, afrontouse a redacción dos proxectos, a dirección das obras e o programa de saúde e seguridade no traballo, por un total dun 7%, que aparece reflectido no Expediente de modificación de créditos, por algo máis de 6.600.000 euros.

E agora estamos diante dunha serie de plans que lles chamamos o Plan C-1 e o Plan C-2, que son cada un, como dicía, de dez millóns, e que son, nin máis nin menos, para paliar, un deles o gasto corrente, cuns prepagos practicamente do cen por cento e logo unha xustificación, e o Plan de mantemento de servizos municipais, iluminación, limpeza viaria, traídas, saneamentos, etc., que vén cun prepago do 70% e un pagamento do 30% ao final da última certificación. Quere dicir con isto, que seguimos confiando nos concellos e na súa autonomía municipal, como é lóxico, quere dicir que as cotas e os criterios foron obxectivos e foron discutidos polos distintos portavoces, incrementando, un, o esforzo fiscal, debido a que aqueles concellos que a progresividade fiscal a veñen a manter consecutivamente, teñen que ter indubidablemente un pequeno premio, porque xa están gravando aos seus cidadáns, aos seus contribuíntes. E, indubidablemente, todo isto vai acadar, vai conseguir, unha mellora, a paliar a crise económica, que axudará a combater o paro e que axudará a facer, con todo isto, unhas transferencia aos nosos concellos de forma obxectiva, de forma cooperativa e de forma solidaria.

Agradezo a intervención do voceiro do Grupo Popular e o seu voto favorable. Moitas grazas.

Sra. Pérez Fernández

Bo día, Sras. e Sres. Deputadas, estamos efectivamente a piques de aprobar dous plans, dous puntos, o 12 e o 13 da orde do día desta sesión plenaria, dous plans que crea e elabora esta Deputación provincial para, efectivamente, se cabe aínda máis, porque non é a primeira vez que se fai, e estou falando, cinxíndome xa só a este mandato no que estamos, para apoiar e solidarizarnos cos problemas que teñen os concellos da nosa provincia, sobre todo os concellos pequenos, nun momento ademais, como xa se dixo nas intervencións anteriores, no que, efectivamente, os concellos, insisto, sobre todo os máis pequenos, están nun momento, valla a redundancia, dunha economía, digamos, complicada. Un momento que, efectivamente, é complicado para todos, pero para os concellos que teñen que atender unha serie de gastos e incluso moitas veces unha serie de competencias que non son directamente deles, que é, efectivamente, realmente complicado.

Estes dous plans teñen precedente, baixo o noso punto de vista, noutros que xa se aprobaron, e que eu teño que facer mención outra vez, non só pola súa contía, senón tamén pola súa importancia e polos problemas que intenta axudar a paliar como foi o plan aprobado, tamén aquí, neste Pleno, o Plan de cooperación cos concellos dotado, como todo o mundo xa sabe, con 40 millóns de euros, e que está dirixido ao obxectivo fundamental de paliar os problemas en infraestruturas básicas dos nosos concellos que aínda, por desgraza, son moitos.

Neste caso, efectivamente Sr. Gorostizu, aparece nos dous plans, nos dous epígrafes, a palabra crise, porque os dous plans están enfocados tamén como todos e todas sabemos a intentar colaborar nos concellos no pagamento do seu gasto corrente, un gasto que cada día se incrementa máis nas administracións locais e, por outro lado, a actuacións de reparación ou mantemento de edificios municipais, ou de pistas municipais, que son tamén actuacións custosas e importantes e necesarias para os concellos.

O que me gustaría destacar da aprobación que se vai producir destes dous plans, dunha aprobación que vai ser unánime, como en tantas outras ocasións nesta deputación, é, precisamente, que é unánime, ou vai ser unánime dentro dun momento, porque hai un diálogo e hai un consenso, primeiro entre os dous grupos que conformamos o goberno, e segundo, e como non podía ser doutra forma, co grupo que neste momento conforma a oposición.

Polo tanto, o BNG pensa que o consenso, que por certo é unha característica desta institución, unha característica que eu considero moi apreciada, e ese consenso, baixo o noso punto de vista, baseado insisto, no diálogo que para nós é o básico, e non na autoridade, senón fundamentalmente no diálogo dos tres grupos políticos, é o que vén a dar precisamente tamén esa coincidencia en diagnosticar, en recoñecer os

problemas que, por certo, porque todos e todas aquí somos membros de corporacións municipais, unhas máis grandes e outras máis pequenas, sabemos que temos nos nosos respectivos concellos e, polo tanto, ese diálogo é o que leva finalmente a que aprobemos, por unanimidade, estes dous plans, dous plans que veñen a abundar na política que xa ten iniciada esta deputación, xa anteriormente, pero insisto, neste mandato respecto á colaboración cada vez maior cos concellos, e como non podía ser doutra forma, neste momento que é complicado para todos.

Por certo, uns plans tamén que son posibles, o BNG fixo mención aquí noutras ocasións, á solidez, utilicei, utilizamos ademais esa palabra noutros discursos, á solidez da economía provincial. Non podería ser posible que unha institución como é a Deputación provincial, elaborase plans desta magnitude, ou da magnitude doutros que aprobamos anteriormente, dirixidos fundamentalmente aos concellos e, polo tanto, dirixidos fundamentalmente aos cidadáns desta provincia, se non desenvolvésemos, efectivamente, unha política económica que nos permite ir elaborando estes plans que, evidentemente, non teñen máis que como obxectivo fundamental contribuír a paliar esas necesidades dos concellos.

Polo tanto, solidez económica que xa foi mencionada aquí noutras ocasións por todos os grupos políticos, que nos permite agora elaborar estoutro plan, que contribuír tamén, e entre comiñas dígo, á solidez, en todo caso nun grao menor, do desenvolvemento das actividades que teñen que desenvolver os concellos. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sra. Pérez Fernández. Se me permiten, gustaríame agradecerlle aos grupos políticos a súa intervención e as referencias que fixeron ao consenso, que fixeron ao diálogo e o rexeitamento ao exercicio da autoridade no sentido máis puro e estrito, as cousas fanse falando e dialogando. E quérollelo agradecer, e se me permiten, porque temos unha presenza importante hoxe neste Pleno, uns alumnos de Socioloxía e de Turismo, e entón estamos facendo pedagogía, estámolles dicindo a estas persoas que están no período de formación que os políticos, polo menos, os políticos da deputación, somos capaces, como dicía o Sr. Gorostizu, de esquecer intereses partidistas para poñerse de acordo no que é o esencial, e creo que é a mellor clase práctica que pode recibir un estudante, a capacidade para entenderse, a capacidade para dialogar, a capacidade para consensuar os temas. O debate político é importante, e teno que haber, e cada partido ten o lexítimo dereito de expoñer as súas opinións, de expoñer os seus programas e de defendelos, pero en épocas de crise debemos de saber antepoñer a situación xeral do país aos intereses partidistas e persoais, e neste caso estamos antepoñendo a situación do país ás lexítimas ambicións, ás lexítimas aspiracións que cada un de nós, como representante político, podía ter, e nese sentido congratúlome de que estes alumnos puidesen escoitar estas intervencións.

E diría un pouquiño máis, non só facemos isto, nin o Plan de cooperación que dicía a representante do BNG, coa recadación estamos anticipándolle a todos os

concellos da provincia que teñen delegada a recadación na Deputación provincial, sete millóns de euros mensuais, e no mes de febreiro, no mes pasado, fixemos a liquidación definitiva do ano 2008 e transferímoslle doce millóns de euros. Hai un problema que teñen os concellos e que teñen fundamentalmente os contratistas que traballan nos concellos, problemas de demora, de demora nos pagamentos, e nunha situación de restricións crediticias como a que estamos vivindo, pódese dar a circunstancia de que unha demora no pagamento a un contratista, dun mes ou de dous meses, faga que esa empresa entre en situación concursal. Nós tamén, co acordo de todos, modificamos as condicións de pagamento dos plans da deputación, e pagámoslles o 70% do importe da contribución a cada municipio, no momento en que se certifica por parte do secretario-interventor do concello, que a obra está adxudicada, e con iso, que estamos facendo?, estamos intentando que os concellos lles paguen aos seus provedores en tempo e prazo, para evitarlles problemas de circulantes, problemas de tesourería, problemas de liquidación, que nunha situación como esta poderían abocar a unha empresa a entrar nunha situación concursal, nunha situación de suspensión de pagamentos, como se dicía anteriormente.

E estamos facendo máis, o próximo mes, e creo que haberá tamén acordo dos tres grupos parlamentarios, saben que o Boletín Oficial da Provincia se vai editar electronicamente, abandónase o papel. E na última modificación das ordenanzas fiscais modificamos a ordenanza fiscal do Boletín Oficial da Provincia, para que? para que os anuncios ordinarios dos concellos fosen gratuítos, isto é o que lles proporei aos distintos grupos parlamentarios e aos portavoces, para que no mes de marzo consensuemos unha reforma da ordenanza fiscal do Boletín Oficial da Provincia para que os anuncios ordinarios de particulares sexan gratuítos, por que?, porque creo que nestes momentos temos que axudar aos emprendedores, ás persoas que en momentos de crise arriscan o seu capital para xerar emprego, para xerar actividade económica. É pouca cantidade de diñeiro que van aforrar, pero é un símbolo. A deputación vai propoñer que eses anuncios sexan gratuítos, e vaino propoñer porque a maior parte dos anuncios de particulares no Boletín Oficial da Provincia son anuncios orientados para licenzas de apertura de establecemento e de actividades económicas, é unha forma tamén de dicirlle aos particulares, aos emprendedores, a deputación, na medida que é posible, axuda para incentivar a creación de novas empresas, novas industrias, novos postos de traballo.

Repito, agradézolles aos tres grupos a súa intervención, creo que é un exemplo que estamos dando, nun momento en que hai que entenderse, porque a situación é complicada, creo que é o mellor exemplo que podemos darlle á mocidade e o mellor exemplo que lles podemos dar a eses alumnos que están aquí nun período de formación e que veñen a este Pleno, imaxino que como unha práctica, unha actividade, dos seus estudos. Moitas grazas.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos (PAC-1) 2009, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009, en cuxa partida 0501/911B/46201 se consigna a cantidade de 10.000.000,00 euros para o seu financiamento.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS (PAC-1) 2009

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos 2009 (PAC-1)” é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2009, que se financia integramente cunha achega provincial na anualidade 2009 por importe de 10.000.000,00 €.

Anualidade	Achega provincial
2009	10.000.000,00 €

A aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009, no que se consigna crédito necesario para o seu financiamento na partida 0501/911B/46201. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaría en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará ningún dereito a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Por iso, neste momento de crise económica, a finalidade deste plan é axudar aos concellos da provincia cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes no financiamento dos seus gastos correntes, dado que os concellos teñen menos ingresos para o seu financiamento ou máis gastos correntes que os pasados anos. Trátase, polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía, co que a deputación quere cooperar cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello segundo a súa poboación.

O obxecto deste plan excepcional concrétase na colaboración da deputación no financiamento dos gastos correntes de cada concello no exercicio 2009, de xeito que a deputación contribuirá ao financiamento dos servizos públicos esenciais para garantir o seu funcionamento.

Para iso, a intervención ou a Secretaría-Intervención de cada concello deberá elaborar unha previsión, para o exercicio 2009, dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Poderán incluírse os gastos de funcionamento dos servizos de subministración de auga potable, de rede de sumidoiros, limpeza viaria, recollida domiciliar de lixo, alumeadado público, mantemento dos accesos aos núcleos de poboación, mantemento de parques públicos e aqueles outros que estean directamente asociados ao funcionamento dos servizos mínimos obrigatorios en cada concello. Os custos de persoal só poderán incluírse cando estean total e directamente adscritos ao funcionamento dos devanditos servizos municipais.

Concretamente poderán incluírse os gastos que deseguido se detallan:

- persoal total e directamente adscrito ao servizo
- bens e servizos correntes
- xuros de préstamos asociados directamente ao servizo
- achegas a entes supramunicipais ou outros que realiza o servizo

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 91 concellos da provincia cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes.

4.- FINANCIAMENTO

O importe total da achega provincial a este plan para o exercicio 2009 ascende a 10.000.000,00 de euros, que se van consignar na partida 0501/911B/46201 do expediente de modificación de créditos 1/2009 que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de marzo de 2009, vai aprobar de modo simultáneo á aprobación destas bases.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican, nas que se ten especialmente en conta o esforzo fiscal que cada concello realiza, e que se calcula relacionando os capítulos I, II e III do estado de ingresos que figuran na liquidación do presuposto municipal 2007, coa poboación de cada concello dese mesmo ano:

10%	Cota fixa
15%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
35%	Poboación
30%	Superficie

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 91 concellos destinatarios do plan resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 6.

O presente plan ten carácter de “prepagable” no sentido de que a achega provincial se transferirá aos concellos unha vez que se reciba a documentación requirida na base 5, sen prexuízo de que

posteriormente os concellos teñan que presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados que se indica na base 6.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **desde a publicación destas bases ata o 30 de outubro de 2009**, a seguinte documentación:

5.1.- Decreto da alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local

Decreto da Alcaldía ou certificación do acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda, de acordo co modelo que figura como anexo I, polo que se dispoña participar no presente plan, aceptar expresamente estas bases e solicitar á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para o financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2009 que figuran na previsión de gastos realizada pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello.

Neste decreto ou acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención específica ou finalista doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento, deberá facilitar o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito decreto ou acordo autorizarase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgar esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa final.

5.2 – Informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos

Informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención do concello, segundo o modelo que figura como anexo II, no que se conteña a previsión orzamentaria para o exercicio 2009 dos gastos correntes total e directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios en cada concello por razón da súa poboación, segundo o establecido no art. 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, referido aos servizos e aos conceptos de gasto que se detallan na base 2.

6.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

Cando se reciba a documentación do concello pola que se solicita participar neste plan, achegando o correspondente decreto de Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local e o informe de previsión de gastos da Intervención ou Secretaría-Intervención, a deputación transferirá ao concello, con carácter de prepagable, o importe da cantidade que se lle asignou a cada concello sempre que estea debidamente xustificada a súa aplicación aos gastos estimados a financiar polo concello para o exercicio 2009.

Unha vez feitos os pagos, os concellos deberán presentar na deputación, **ata o 31 de marzo de 2010, un informe xustificativo dos pagos realizados**, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención, no que se detallan os pagos efectuados e os dereitos recoñecidos por subvencións finalistas

para a mesma finalidade, segundo o modelo que figura como anexo III. Excepcionalmente, e a solicitude do concello poderá ampliarse o dito prazo de xustificación.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento previsto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar ao da subvención da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións. O concello queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación. No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, iniciárase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda.

7.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento.

ANEXO I

MODELO DE DECRETO DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1º) Participar no “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos correntes dos concellos 2009 (PAC-1)” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar á deputación a aplicación do importe que se lle asignou dentro deste plan para o financiamento dos gastos correntes para o exercicio 2009 que figuran na estimación realizada pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, que se xunta como anexo a este decreto.

Concello	Cantidade asignada que se aplica ao financiamento dos gastos correntes 2009

2º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento destes gastos, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para o seu financiamento, facilítase o seu detalle e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

3º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do alcalde, en
de .

V. e pr.

O alcalde

ANEXO II

PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS (PAC-1) 2009
Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2009

CONCELLO DE	
--------------------	--

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2009 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2009 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2009 (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II

PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS (PAC-1) 2009

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2009

CONCELLO DE

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2009 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2009 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2009 (A-B)
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Alumeado público	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO II

PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS (PAC-1) 2009
Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello de previsión de gastos correntes 2009

CONCELLO DE	
--------------------	--

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PREVISIÓN DE GASTOS PRESUPOSTO 2009 (A)	ESTIMACIÓN DOUTRAS ACHEGAS PÚBLICAS OU PRIVADAS PRESUPOSTO 2009 (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO 2009 (A-B)
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III

**PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS
(PAC-1) 2009**

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados en 2009

CONCELLO DE	
--------------------	--

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2009 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2009 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2009 (A-B)
Subministración de auga potable	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Rede de sumidoiros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Limpeza viaria	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

ANEXO III

**PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS
(PAC-1) 2009**

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados en 2009

CONCELLO DE	
--------------------	--

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2009 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2009 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2009 (A-B)
Recollida domiciliaria de lixo	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Alumeado público	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Mantemento dos accesos aos núcleos de poboación	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

**PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DOS CONCELLOS
(PAC-1) 2009**

Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención do concello
xustificativo dos pagos de gastos correntes realizados en 2009

CONCELLO DE

SERVIZO MUNICIPAL DO ARTIGO 26 LEI 7/1985 de bases de réxime local	NATUREZA DO GASTO	PAGOS REALIZADOS 2009 (A)	DEREITOS RECOÑECIDOS POR SUBVENCIÓNS FINALISTAS 2009 (B)	GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO 2009 (A-B)
Mantemento de parques públicos	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
Outros	- Persoal total e directamente adscrito			
	-Bens e servizos correntes			
	-Xuros de préstamos asociados directamente ao servizo			
	-Achegas a entes supramunicipais ou outros			
	SUBTOTAL			
T O T A L				

(Lugar, data e nome da persoa que asina o documento)

13.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO “PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2) 2009, cuxo texto figura no anexo que se xunta.

2º) Condicionar a aprobación definitiva destas bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009, en cuxa partida 0501/911B/76201 se consigna a cantidade de 10.000.000,00 euros para o seu financiamento.

3º) Remitirlle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para o seu coñecemento e informe durante un prazo de dez días, e sometelo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. No caso de non presentarse alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.”

BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2)

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O presente “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)” é un plan anual da Deputación Provincial da Coruña para o exercicio 2009, que se financia cunha achega provincial na anualidade 2009 por importe de 10.000.000,00 € e coas achegas que voluntariamente realicen os concellos para completar o financiamento dos investimentos.

Anualidade	Achega provincial
2009	10.000.000,00 €

A aprobación destas bases queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2009, no que se consigna crédito necesario para o seu financiamento na partida 0501/911B/76201. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia presupostaría en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará ningún dereito a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

2.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Por iso, neste momento de crise económica, a finalidade deste plan é axudar aos concellos da provincia cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes no financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o seu financiamento ou máis gastos que os anos pasados. Trátase polo tanto, dun plan de marcado carácter excepcional e conxuntural, motivado pola situación actual da economía, co que a deputación quere cooperar cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos municipais.

O obxecto deste plan excepcional concrétese na colaboración da deputación no financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos municipais, mediante a realización de obras ou adquisicións tal e como se indica:

- Obras de reparación ou mantemento dos edificios ou das instalacións municipais
- Actuacións de reparación ou mantemento dos camiños municipais e do alumeadado público
- Actuacións de reparación ou mantemento da subministración de auga potable e da rede de sumidoiros
- Adquisición de maquinaria, material técnico especial, ou vehículos directamente destinados ao funcionamento dos servizos públicos

O concello tamén poderá destinar a cantidade que se lle asigna neste plan ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nos parágrafos precedentes.

3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste plan son os 91 concellos da provincia cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes.

4.- FINANCIAMENTO

O presente plan anual financiarase entre a deputación e os concellos que voluntariamente realicen achegas para o financiamento das actuacións a realizar.

No suposto de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá desagregar para cada actuación a parte que financia a deputación e a que financia o concello.

O importe total da achega provincial a este plan para o exercicio 2009 ascende a 10.000.000,00 de euros, que se van consignar na partida 0501/911B/76201 do expediente de modificación de créditos 1/2009 que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de marzo de 2009, vai aprobar de modo simultáneo á aprobación destas bases.

A cada concello asígnaselle unha cantidade de achega provincial calculada aplicando as variables ponderadas que deseguido se indican, nas que se ten especialmente en conta o esforzo fiscal que cada concello realiza, e que se calcula relacionando os capítulos I, II e III do estado de ingresos que figuran na liquidación do presuposto municipal 2007, coa poboación de cada concello dese mesmo ano:

10%	Cota fixa
15%	Esforzo fiscal
10%	Número de parroquias
35%	Poboación
30%	Superficie

Da aplicación destas porcentaxes aos datos dos 91 concellos destinatarios do Plan resulta a cantidade de achega provincial que se lles asigna a cada un deles, e que se transferirá aos concellos na forma establecida na base 9.

O presente plan ten carácter de “prepagable” no sentido de que a achega provincial transferirase aos concellos unha vez que se reciba a documentación requirida nestas bases, sen prexuízo de que posteriormente os concellos teñan que presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados que se indica na base 9.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE

Os concellos que desexen participar neste plan, deberán presentar no Rexistro Xeral da deputación, ou nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **ata o 30 de xuño de 2009**, a seguinte documentación:

5.1. – Decreto da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local

Decreto da Alcaldía ou certificación do acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda, de acordo co modelo que figura como anexo I, no que se acepten expresamente estas bases e se aproben os proxectos técnicos das obras ou prescricións técnicas das actuacións a realizar, coa indicación da súa denominación, orzamento e detalle do seu financiamento por axentes cofinanciadores, de xeito que se concrete o importe que se financia con cargo á achega provincial e o que se financia con cargo á achega municipal voluntaria.

No caso de que o concello realice achegas municipais voluntarias, deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal prevista.

No mesmo decreto ou acordo indicárase expresamente que o concello conta cos terreos necesarios e coas autorizacións ou concesións administrativas precisas para a súa execución.

Se o concello decide destinar a cantidade que se lle asigna neste plan ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nestas bases, deberá indicar os datos das actuacións ás que se destina e o plan no que se inclúen, detallando o seu financiamento entre todas as administracións cofinanciadoras.

Neste decreto ou acordo incluírase a declaración do concello de que non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das actuacións, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a execución da obra, deberá facilitar o detalle de cada unha delas e a acreditación de que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Igualmente, no devandito decreto ou acordo autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. De non outorgarse

esta autorización, o concello deberá presentar as certificacións oportunas coa documentación da solicitude e coa documentación xustificativa requirida para o pago final.

Por último, aprobaranse, así mesmo, as obras ou subministracións que o concello desexe incluír no plan complementario con carácter supletorio, para seren financiados con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, de forma que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

5.2.-Informe técnico

Informe técnico individual para cada un dos proxectos presentados, no que se indiquen expresamente as autorizacións administrativas que se precisan para a súa execución, a dispoñibilidade dos terreos necesarios e outros aspectos de interese que deban terse en conta.

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., neste mesmo informe técnico deberá xustificarse que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 74 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

5.3. - Documentación técnica

Dous exemplares de cada proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido na Lei 30/2007 de contratos do sector público.

O orzamento mínimo de cada proxecto técnico de obra ou prego de prescricións técnicas das subministracións establécese en 30.000,00 euros.

6.- APROBACIÓN DO PLAN

A aprobación do plan poderá realizarse nunha ou máis fases, e nel incluíranse as actuacións solicitadas polos concellos cuxa documentación administrativa e técnica estea correcta e completa.

A dita aprobación comprenderá tanto as obras principais solicitadas polos concellos que se integrarán no plan base, como as obras supletorias que se integran no plan complementario para financiarse con cargo aos remanentes que se poidan producir polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, de forma que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para o seu coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local, de acordo co artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presenten alegacións nin se emita o informe, poderanse proseguir os trámites.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A contratación das obras farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberá realizarse ata o día 30 de novembro de 2009. Non obstante, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, previa solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase de acordo coa Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobadas expresamente por esta deputación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido no art. 24 da devandita norma.

As baixas que se produzan no plan destinaranse a minorar a achega municipal que se realice ata anular, se for posible, a dita achega. O resto da baixa destinarase a minorar a achega provincial na correspondente actuación. Non obstante, as baixas aplicadas a minorar a achega da deputación poderán destinarse a financiar as obras que o concello solicite dentro do plan complementario, de acordo co establecido no último parágrafo da base 5.1.

Unha vez adxudicadas as obras deberase remitir á esta deputación a seguinte documentación:

- Documento administrativo no que se formalicen os correspondentes contratos
- Listaxe das obras con datos de adxudicación debidamente cubertos no modelo da deputación
- A documentación que se concretará na circular de contratación, xustificativa da adxudicación realizada.
- No caso de que fosen executadas pola propia administración, deberá presentarse o informe do secretario do concello no que se indique cal dos supostos é de aplicación ao caso concreto, dos contidos no artigo 24 da citada Lei 30/2007 de contratos do sector público.

No suposto de que o concello destine a cantidade asignada ao financiamento das achegas municipais obrigatorias a outros plans ou programas, deberá achegar a seguinte documentación:

- Se se trata de plans ou programas doutras administracións, deberá achegar a xustificación do compromiso da achega do concello ou do requirimento da administración que o xestiona.
- Se se trata de plans ou programas desta deputación, non necesita achegar documentación ningunha porque a deputación fará as operacións contables e presupostarias necesarias.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN

As obras executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As obras deberán quedar totalmente rematadas e certificadas antes do 1 de novembro de 2010. Non obstante, o concello poderá xustificadamente solicitar unha prórroga para o seu remate.

As modificacións dos contratos tramitaraas, no seu caso, o concello, de acordo co establecido na citada Lei 30/2007 de contratos do sector público. De calquera xeito, requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da execución do proxecto deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

Dende a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra, o que se acreditará mediante o envío de dúas fotografías, unha do propio cartel e outra do cartel da obra e o seu contorno.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL

Cando se reciba a documentación do concello xustificativa da adxudicación das obras ou subministracións que se indica na base 7, a deputación transferiralle ao concello, con carácter de prepagable, o 70% da achega da deputación calculada sobre o presuposto de adxudicación de cada actuación.

A medida que se execute a obra, os concellos deben presentar na deputación as correspondentes certificacións de execución das obras ou as facturas das subministracións, debidamente aprobadas polo órgano municipal competente, para a súa aprobación técnica pola deputación.

Xunto coa primeira certificación deberán presentarse dúas fotografías onde se reflicta a colocación do cartel na obra e no seu contorno, conforme ao modelo establecido. Coa derradeira certificación ou factura deberá presentarse a correspondente acta de recepción.

Cando se presente a derradeira certificación ou factura acompañadas da acta de recepción, a deputación transferiralle ao concello o 30% ou resto da achega provincial, calculada sobre o presuposto de adxudicación, correspondente ao investimento executado.

O prazo de execución remata o 1 de novembro de 2010. Excepcionalmente, e a solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación.

No suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, seguirase o procedemento previsto no artigo 70.3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que o importe da obra executada sexa inferior ao 70% da achega da deputación transferida ao concello, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda. O concello queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola deputación.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas polo presidente da deputación, previo informe da Secretaría e da Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXO

MODELO DE DECRETO DA ALCALDÍA OU DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

1º) Participar no “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:

A) Financiamento de novas actuacións:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
TOTAL			

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

B) Financiamento da achega municipal a outros plans ou programas:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN E DO PLAN OU PROGRAMA NO QUE SE INCLUE	FINANCIAMENTO DETALLADO	ACHEGA PROVINCIAL APLICADA
TOTAL		

2º) Solicitar a inclusión das seguintes obras no plan complementario para seren financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulacións de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL
TOTAL	

Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) (Só no caso de que exista achega municipal voluntaria)

Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, en _____, de _____.

V. e pr.

O alcalde

14.-APROBACIÓN DA TERCEIRA FASE DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as bases reguladoras do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP nº 128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase deste plan especial (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008).

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo Sr. presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, con data do 11 de marzo de 2009, na que se inclúen todas as solicitudes coa documentación correcta e que cumpren todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras deste plan especial, proponse incluír nesta terceira fase do plan 10 obras.

1. Aprobar a terceira fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o día 30 de maio de 2008 (BOP núm.128, do día 5 de xuño de 2008) e modificadas mediante o acordo plenario provincial do 28-11-2008 de aprobación da primeira fase (BOP nº 278, do día 2 de decembro de 2008).

Nesta fase do plan inclúense as 10 actuacións que se indican a continuación, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
AMES	08.3250.0034	Reforma instalación eléctrica campo fútbol Bertamiráns	17.241,96	51.725,89	68.967,85
CARBALLO	08.3250.0035	Inst. iluminación no c.fútbol - Complexo deport. As Eiroas	35.589,85	60.000,00	95.589,85
LOUSAME	08.3250.0036	Construción bancada cuberta c. Fútbol de Cabanetán	8.400,00	47.600,00	56.000,00
NEGREIRA	08.3250.0037	Iluminación campo de fútbol de Cepelo	50.355,89	60.000,00	110.355,89
OZA RÍOS	08.3250.0038	Cuberta bancada campo de fútbol municipal	8.653,53	49.036,69	57.690,22
SADA	08.3250.0039	Iluminación do campo de fútbol das Mariñas 1ª fase	10.578,53	59.944,95	70.523,48
SANTISO	08.3250.0040	Instal. Iluminación por proxección campo de fútbol	11.575,09	60.000,00	71.575,09
SOMOZAS AS	08.3250.0041	Iluminación campo de fútbol de herba artificial	10.588,20	59.999,80	70.588,00
TORDOIA	08.3250.0042	Iluminación campo de fútbol de Gorgullos	10.499,80	59.498,90	69.998,70
TRAZO	08.3250.0043	Bancada campo de fútbol artificial en Chaián	13.270,80	60.000,00	73.270,80
TOTAL.....			176.753,65	567.806,23	744.559,88

2. Condicionar a aprobación definitiva desta fase á entrada en vigor do Expediente de modificación de crédito núm.1/2009 de aprobación polo Pleno provincial no que se habilitará o crédito necesario e suficiente para o seu financiamento.

3. Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

4. A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan da deputación.

Establecer unha ampliación do prazo de contratación das obras previsto na base 7 até o día 30 de novembro de 2009.

Así mesmo, o prazo de execución das obras disposto na base 8 fixase até o día 1 de decembro de 2010.

5. Someter este acordo a exposición pública durante dez días mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se presentara ningunha.

6. Remitirle este acordo para o seu coñecemento e posterior informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emitira informe ningún.”

15.-APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DA ANUALIDADE 2009 DO PROXECTO MANDEO, O RÍO COMO EIXE DINAMIZADOR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”Vistos o prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da actuación que máis adiante se indica, que desenvolve o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das concas fluviais 1ª fase: río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013,

1º.- Aprobar a segunda fase da anualidade 2009 do proxecto Mandeo na que se inclúe a seguinte actuación, que será contratada por esta Deputación:

Código	Denominación	2009 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
09.2800.0009.0	2ª estudo calidade augas, indicadores biolóxicos. Pr. Mandeo	24.500,00 10.500,00 35.000,00			24.500,00 10.500,00 35.000,00
TOTAL		24.500,00 10.500,00 35.000,00			24.500,00 10.500,00 35.000,00

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/560C/60103 do orzamento provincial.

3 º.- Dispoñer a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitirille o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

16.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2009 SEGUNDA FASE: MELLORA DA INTERSECCIÓN NA ESTRADA PROVINCIAL DP 3612 ANEIROS A CABANA PK 0+900 (FERROL). CÓDIGO 0911100002.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2009 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 179.028,31.- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación e 0401/511B/61102 que se detalla.

CÓDIGO	PROXECTO	ORZAMENTO DE CONTRATA
0911100002.0	MELLORA DA INTERSECCIÓN NA ESTRADA PROVINCIAL DP 3612 ANEIROS Á CABANA PK 0+900 (FERROL)	179.028,31
	TOTAL	179.028,31

2) Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA DP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR PK 11,850 AO 13,710. CERCEDA. CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100005.1

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Proxecto REFORMADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA D.P. 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR, PK 11,850 Ó 13,710 CERCEDA (CÓDIGO DO PROXECTO REFORMADO 0811100005.1) polo seu orzamento de contrata de 227.553,54.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 31.301,29.- EUROS.

2) Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo *ANTONIO FILLOY S.A.* (A36016665), as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 167.778,95.- EUROS, que representa un incremento respecto ó primitivo de 23.067,20.- EUROS.

3) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 923,16.- EUROS, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 6.711,16.- EUROS.”

18.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO ENSANCHE DE OBRAS DE FÁBRICA DP 4502 BRAÑA DO COTRO A CHACÍN (PK 4+200 AO PK 5+800).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“- Aprobar tecnicamente o proxecto de execución da obra que se relaciona co obxecto de efectuar a tramitación correspondente para obter as autorizacións e os permisos preceptivos

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
ENSANCHE DE OBRAS DE FÁBRICA DP 4502 BRAÑA DO COTRO A CHACÍN	213.770,74
totais	213.770,74

- Exponer ó público o citado proxecto mediante anuncio que se ha inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados. “

19.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS Á APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA EP 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO 1ª FASE E SOMETEMENTO A INFORMACIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO DE REFERENCIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Desestimar as alegacións presentadas á aprobación técnica do proxecto AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 0810 DE GUILIADE A GUÍSAMO 1ª FASE, servindo como fundamento e motivación á desestimación o informe emitido pola Consellería de Cultura e Deporte e o informe do Servizo de Infraestruturas e Conservación, posto que:

- a obra que se ha realizar é de seguridade viaria, ó facilitar o movemento de peóns separándoo do tráfico rodado ó executar as beirarrúas correspondentes.
- facilítase o movemento de vehículos, ó executarse unha zona de aparcadoiro de onde sexa posible.
- contéplase así mesmo a correspondente sinalización vertical.

Polo que a obra que se ha executar non é de ampliación da estrada, senón de mellora da travesía, é dicir, a velocidade do tráfico non vai aumentar, pero si mellora a circulación ó reservar para ela unha calzada de 7 metros necesaria para que poidan cruzarse dous vehículos pesados en condicións de seguridade.

2. Someter a información pública o expediente da solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras contidas no proxecto de referencia mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producisen.”

20.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO ANO 2009.

Déixase este punto sobre a mesa e retírase definitivamente.

21.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CULLEREDO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis, a partir do remate de período actual de delegación, é dicir, desde o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Culleredo.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

22.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE OROSO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación do prazo de duración das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 acordada polo Concello de Oroso. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde as sesións plenarias do 29 de maio e 25 de setembro de 2008 respectivamente ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

23.- ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE VILASANTAR.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinarmente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Vilasantar. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario de aprobación definitiva, o 29 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

24.-DAR CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na unidade institucional Deputación Provincial da Coruña cos datos obtidos das liquidacións dos orzamentos e dos estados financeiros do exercicio 2008 para dar cumprimento ao disposto do artigo 16.2 do Regulamento de

desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O devandito informe conclúe que os resultados obtidos permiten, polo tanto, inferir razoadamente que a unidade institucional integrada pola Deputación, o Consorcio Provincial de Incendios e a Fundación Axencia Provincial da Enerxía da Coruña (FAEPAC) cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos consolidados de contabilidade nacional, cunha capacidade neta de financiamento excedente dos seus recursos non financeiros.”

25.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA RECADACIÓN AOS CONCELLOS USUARIOS DO EXERCICIO 2008.

Dáse conta ao Pleno da liquidación definitiva da recadación aos concellos usuarios do exercicio 2008.

26.-CONVENIO COA ONGD “EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS”, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA EN GUATEMALA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ONGD *Educación sen fronteiras*”; para o financiamento dun proxecto de mellora da calidade educativa en Guatemala cunha achega provincial de 200.000,00 euros imputándose na partida 0104/330B/789.01. A achega provincial presenta o seguinte detalle:

	Anualidade 2009	Anualidade 2010	Total
Achega provincial	100.000,00	100.000,00	200.000,00
Presuposto subvencionado	197.923,00	136.396,00	334.319,00
Coefficiente de financiamento	50,53	73,32	59,83

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “EDUCACIÓN SEN FRONTEIRAS”, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA EN GUATEMALA

Na Coruña, de de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Francisco Vallverdú Baena, DNI núm. 36.137.842-N, que intervéen neste acto en nome e representación da Ongd “Educación sen Fronteiras”, CIF G-58510280, con domicilio

social na Rúa Marqués de Valladares, 14, Oficina 4, 36201 Vigo (Pontevedra), na súa calidade de delegado para Galicia e conforme as competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

“Educación sen Fronteiras” (ESF, en adiante) é unha organización non governamental para o desenvolvemento, constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co código PR802A 98/5-0, dende 1998.

No marco da Intervención de Desenvolvemento Integral que a Cooperación Galega (Xunta de Galicia) desenvolve en Guatemala, ESF promove o proxecto denominado “*Mejora de la calidad educativa desde un enfoque de derechos humanos y equidad de género, en el marco del Oxlajuj Tz’ikin*”, que se levará a cabo en dúas anualidades (2009 e 2010) e ten como obxectivo xeral elevar a calidade do servizo educativo das comunidades, e como obxectivo específico mellorar o nivel da calidade educativa das escolas de intervención, en canto ao desenvolvemento da aprendizaxe da lectoescritura e á pertinencia cultural e á equidade de xénero da educación.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto “*Mejora de la calidad educativa desde un enfoque de derechos humanos y equidad de género, en el marco del Oxlajuj Tz’ikin*”, en Guatemala, ten como obxectivo xeral elevar a calidade do servizo educativo das comunidades, e como obxectivo específico mellorar o nivel da calidade educativa das escolas de intervención, en canto ao desenvolvemento da aprendizaxe da lectoescritura e á pertinencia sociocultural e á equidade de xénero da educación.

Tal e como se detalla na formulación do proxecto que se acompaña, a intervención de ESF consistirá na implementación en dúas anualidades (2009 e 2010) dun programa contextualizado de lectoescritura nas escolas de nivel primario, dirixido aos alumnos de 2º a 6º grao, que inclúe un proceso de formación docente e asesoría pedagóxica, a dotación de libros de texto para os educandos e para as escolas participantes e un programa de bolsas para a formación de mestres e mestras de educación primaria oriúndos das localidades da intervención.

Os beneficiarios directos da intervención serán máis de 1500 nenos e nenas que cursan estudos de 2º a 6º grao de educación primaria de 16 comunidades dos municipios de Champerico e Retahuleu, pertencentes ao Departamento de Retalhuleu, así como aos 60 mestres e mestras que participarán no programa de formación docente e aos 40 mozos que recibirán bolsas e apoio académico para estudar a carreira de maxisterio. O resto da poboación das comunidades citadas son beneficiarios indirectos.

A intervención de ESF farase en colaboración coa súa contraparte local, “Prodesa”, organización non governamental de desenvolvemento guatemalteca, con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza, e coa colaboración das municipalidades correspondentes de Champerico e Retahuleu, así como das comunidades da intervención.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica na formulación do proxecto que se acompaña, ascende a 334.319 €, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO	TOTAL	ANUALIDADE 2009	ANUALIDADE 2010
- Custos directos:		197.923	136.396
- Auditoría		0	1.488
- Terreos e inmobles		3.200	3.200
- Construción e/ou reformas		510	0
- Bens inventariables		38.840	9.500
- Bens consumibles		6.420	6.340
- Persoal local		48.027	57.983
- Persoal expatriado		19.890	19.890
- Servizos técnicos		65.000	20.000
- Funcionamento en terreo		1.500	1.300
- Viaxes, aloxamento e axudas de custo		14.536	16.695
TOTAL POR ANUALIDADES		197.923	136.396
			334.319

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 200.000 euros, a razón de 100.000 euros por anualidade, o que equivale a un coeficiente de financiamento total do 59,83 %.

2. No caso de que o gasto finalmente xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 59,83 % da cantidade efectivamente xustificada, sen que a achega máxima poida exceder de 200.000 €. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento estimado de gastos entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ESF obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

A intervención da beneficiaria farase en colaboración coa súa contraparte local "Prodesa", organización non governamental de desenvolvemento guatemalteca, con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza, financiados con fondos propios e da cooperación internacional de diferentes axentes.

ESF, a través do seu persoal técnico expatriado en Guatemala, coordinará e colaborará no seguimento da execución do proxecto.

En virtude deste convenio, correspóndelle á Ongd ESF a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a realización das avaliacións nel previstas, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como os pagamentos e, se fora o caso, as transferencias á súa contraparte das achegas económicas correspondentes.

A beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia previstos, se o seu importe supera 12.000 euros, ou do custo por execución de obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes

provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación correspondente á anualidade 2009, por importe de 100.000 euros, aboarase co carácter de anticipo de fondos, e para a súa percepción a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de aboamento
b) Acordo coa súa contraparte local “Prodesa”, de colaboración para a execución do proxecto.

c) Xustificar a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto *“Mejora de la calidad educativa desde un enfoque de derechos humanos y equidad de género, en el marco del Oxlajuj Tz’ikin”*, con cargo á que se farán os cobros e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

2. A achega da Deputación correspondente á anualidade 2010, aboarase tamén co carácter de anticipo prepagable, despois da xustificación da anualidade anterior, aplicándose a redución proporcional correspondente se esta non acadase o 100 % dos fondos recibidos.

A documentación que ESF deberá presentar é a seguinte:

- a) Solicitude de aboamento
- b) Informe de seguimento do proxecto
- c) Certificación dos gastos realizados
- d) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente
- e) Reportaxe fotográfica das actividades realizadas

3. Antes da finalización do prazo de vixencia establecido na cláusula décimo terceira, e para os efectos da xustificación final do proxecto a beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa con informe de auditor, nos termos do art. 74 do Regulamento da lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, ao que se engadirá a seguinte documentación:

a) Memoria final da execución do proxecto, que aluda, entre outros extremos, ás actividades realizadas e aos obxectivos acadados.

- b) Certificación dos gastos realizados.
- c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente
- d) Ampla reportaxe fotográfica das actividades realizadas.
- e) Declaración das axudas recibidas para a execución do proxecto.

4. Sen prexuízo da citada documentación xustificativa, e unha vez rematado o programa no que se incardina o presente proxecto, ESF deberá presentar unha copia da avaliación externa realizada, conforme co modelo aprobado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, da Xunta de Galicia.

5. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

6. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria e as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

7. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles

darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas e xustificadas antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraa esta de oficio.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..
4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2010.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo de Pleno Corporativo do de de 2009

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Ongd Educación Sen Fronteiras

Salvador Fernández Moreda

Francisco Vallverdú Baena

2º.- Facultar ao Presidente para a firma do convenio.”

27.-CONVENIO COA ONGD “ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ” PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO Á AUGA E AMBIENTAIS, EN SANTIAGO DE LOS CABALLEROS, REPÚBLICA DOMINICANA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ONGD *ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ*”; para o financiamento do proxecto de mellora das condicións de acceso á auga e medioambientais, en Santiago de los Caballeros, REPÚBLICA DOMINICANA cunha achega provincial de 95.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 32,30%), imputándose na partida 0104/330B/789.01 do vixente orzamento xeral para 2009.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD “ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ”, PARA FINANCIAR UN PROXECTO DE MELLORA DAS CONDICIÓNS DE ACCESO Á AUGA E MEDIOAMBIENTAIS, EN SANTIAGO DE LOS CABALLEROS, REPÚBLICA DOMINICANA

Na Coruña, de de dous mil nove

□REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D/Dna., DNI núm., que intervéñ neste acto en nome e representación da Ongd “Asemblea de Cooperación pola Paz”, CIF G-80176845, con domicilio social na Rúa Hórreo, núm. 22 – 1º, local E, en Santiago de Compostela (A Coruña), na súa calidade de delegado para Galicia e conforme ás competencias que lle atribúen os seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

“Asemblea de Cooperación pola Paz” (ACPP, en diante) é unha organización non gobernamental para o desenvolvemento, constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co código AGPA 97/12 – ONGD - 56.

No marco da Intervención de Desenvolvemento Integral que a Cooperación Galega (Xunta de Galicia) desenvolve na República Dominicana, ACPP promove o proxecto denominado “*Mejora de las condiciones de acceso al agua y medioambientales de 489 familias (2.445 personas, aproximadamente) en el Sector de Santa Lucía (La Mosca), Barrio Cienfuegos, Municipio de Santiago de los Caballeros, provincia de Santiago, República Dominicana*”, que como obxectivo mellorar as condicións de acceso á auga, habitabilidade e medioambientais de 489 familias (2.445 persoas, aproximadamente) no Sector de Santa Lucía (La Mosca), Barrio Cienfuegos, Municipio de Santiago de los Caballeros, na República Dominicana.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto “*Mejora de las condiciones de acceso al agua y medioambientales de 489 familias (2.445 personas, aproximadamente) en el Sector de Santa Lucía (La Mosca), Barrio Cienfuegos, Municipio de Santiago de los Caballeros, provincia de Santiago, República Dominicana*”, ten como obxectivo mellorar as condicións de acceso á auga, habitabilidade e medioambientais de 489 familias (2.445 persoas, aproximadamente) no Sector de Santa Lucía (La Mosca), Barrio Cienfuegos, Municipio de Santiago de los Caballeros, na República Dominicana.

Tal e como se detalla no documento de formulación do proxecto que se acompaña, a intervención de ACPP se corresponde coa segunda fase do Programa Integral de Melloramento do Barrio Santa Lucía (tamén denominado La Mosca), iniciado no 2008, que xurde a través dunha identificación realizada pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, da Xunta de Galicia, en relación coas persoas que traballan de modo informal no vertedoiro de Rafey e cos veciños do Barrio Santa Lucía, do Municipio de Santiago de los Caballeros.

O proxecto está previsto que se desenvolva en tres áreas: 1) **Aceso á auga potable**, que comprende a execución do sistema de abastecemento de auga potable; 2) **Habitabilidade**, consistente na segunda fase do realoxamento das familias das vivendas máis vulnerables do barrio; e 3) **Saneamento ambiental e hixiene comunitaria**, orientada ao reforzamento das capacitacións dos promotores de saneamento ambiental, hixiene comunitaria e metodoloxías de socialización.

Os beneficiarios directos da intervención serán 489 familias (aproximadamente 2.445 persoas) especialmente as que habitan nas vivendas en condicións de derrube ou escorregamento de terra, por estar emprazadas en lugares non aptos para a construción e moi próximas ao vertedoiro de Rafey. A poboación dos barrios próximos son beneficiarios indirectos, xa que o proxecto contribúe á planificación urbana, ao acceso aos recursos básicos e a mellora da habitabilidade xeral.

A intervención de ACPP farase en colaboración coa súa contraparte local, “*Junta de Asociaciones Campesinas Rafael Fernández – JACARAFE*”, organización non governamental dominicana, con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza, sen prexuízo da intervención doutros axentes, tales como a empresa municipal “*Corporación del Acueducto y Alcantarillado de Santiago - CORAASAN*”, que acometerá principalmente a área 1) das enumeradas anteriormente, a entidade Fundelosa, que intervirá principalmente no relativo ás

capacitacións, e a intervención e colaboración da municipalidade de Santiago e outros colaboradores.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto que se acompaña, ascende á cantidade de 222.752 €, que se resume nas seguintes partidas:

CONCEPTO	
- Custos directos:	222.752
- Auditoría	3.500
- Construción e/ou reformas	159.579
- Bens inventariables	4.785
- Bens consumibles	6.803
- Persoal local	45.292
- Funcionamento en terreo	2.793
TOTAL	222.752

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 95.000 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento total do 42,648 %.

2. No caso de que o gasto finalmente xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 42,648 % da cantidade efectivamente xustificada, sen que a achega máxima poida exceder de 95.000 €. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento estimado de gastos entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ACPP obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrancia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

A intervención de ACPP farase en colaboración coa súa contraparte local, “Junta de Asociaciones Campesinas Rafael Fernández – JACARAFE”, organización non gubernamental dominicana, con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza, sen prexuízo da intervención doutros axentes, tales como a empresa municipal CORAASAN, que acometerá principalmente a execución do sistema de abastecemento de auga potable, a entidade Fundelosa, que intervirá principalmente no relativo ás capacitacións, ademais da intervención e colaboración da municipalidade de Santiago e outros colaboradores.

ACPP, a través do seu persoal técnico expatriado na República Dominicana, coordinará e colaborará no seguimento da execución do proxecto.

En virtude deste convenio, correspóndelle á Ongd ACPP a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a realización das avaliacións nel previstas, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como os pagamentos e transferencias á súa contraparte das achegas económicas correspondentes.

A beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia previstos, se o seu

importe supera 12.000 euros, ou do custo por execución de obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando esta non recaía na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación, por importe de 95.000 euros, aboarase en dous prazos. O primeiro, por importe de 57.000 € (equivalente ao 60 % da achega concedida), co carácter de anticipo de fondos, e para a súa percepción a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de aboamento

b) Acordo coa súa contraparte local “Jacarafe”, de colaboración para a execución do proxecto.

c) Xustificar a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto *“Mejora de las condiciones de acceso al agua y medioambientales de 489 familias (2.445 personas, aproximadamente) en el Sector de Santa Lucía (La Mosca), Barrio Cienfuegos, Municipio de Santiago de los Caballeros, provincia de Santiago, República Dominicana”*, con cargo á que se farán os cobros e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

2. O segundo prazo, polo importe restante, 38.000 € (equivalente ao 40 % da achega concedida), aboarase despois da execución do proxecto e logo da presentación por ACPP, antes da finalización do prazo de vixencia establecido na cláusula décimo terceira e para os efectos da xustificación final do proxecto, da conta xustificativa con informe de auditor, nos termos do art. 74 do Regulamento da lei 38/2003, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, ao que se engadirá a seguinte documentación:

a) Memoria final da execución do proxecto, que aluda, entre outros extremos, ás actividades realizadas e aos obxectivos acadados.

b) Certificación dos gastos realizados.

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.

d) Ampla reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

e) Declaración das axudas recibidas para a execución do proxecto.

3. Sen prexuízo da citada documentación xustificativa, e unha vez rematado o programa no que se incardina o presente proxecto, ACPP deberá presentar unha copia da avaliación externa realizada, conforme co modelo aprobado pola Dirección Xeral de Cooperación Exterior, da Xunta de Galicia.

4. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

5. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria e as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

6. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PARA A SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas e xustificadas antes da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.
2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.
3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.
2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinará esta de oficio.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 30 de xuño de 2010.
2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.
3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo de Pleno Corporativo do de de 2009

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Ongd Asemblea de Cooperación pola Paz

Asdo: D. Salvador Fernández Moreda

Asdo:

2º.- Facultar ao presidente para a firma do convenio.”

28.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/09 E DE MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2009 REFERIDA ÁS SUBVENCÍONS NOMINATIVAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/09 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 70.798.272,41€ e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios..... 30.029.591,98
 SC. Suplementos de crédito.....40.768.680,43
 70.398.272,41

Total de aumentos:..... 70.798.272,41

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

B.A. Baixas por anulación.....400.000,00
 RX Remanente de tesourería para gastos xerais:

Total financiamento:..... 70.798.272,41

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE INGRESOS E GASTOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de gastos ingresos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal		
2. Gastos correntes	4.664.866,75	
3. Gastos financeiros		
4. Transferencias correntes	15.625.807,84	
6. Investimentos reais	11.054.682,90	
7. Transferencias de capital	39.452.914,92	400.000,00
8. Activos financeiros		
9. Pasivos financeiros		
TOTAL MODIFICACIÓNS	70.798.272,41	400.000,00

B.2 Resumo por capítulos do Estado

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos.	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	70.398.272,41
9. Pasivos financeiros	
TOTAL MODIFICACIÓNS	70.398.272,41

2º.- Modificación da base 48ª de execución do orzamento provincial.

2º-1 Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2009 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no artigo 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e nos artigos 65 a 67 do regulamento da lei xeral de subvencións aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xuño.

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIONADO	% COEF. FINANº
0104/330B/789.01	Educación sen fronteiras – Anualidade 2009	Mellora da calidade educativa desde un enfoque de dereitos humanos e equidade de xénero no marco do Oxlajuj Tz'ikin, en Guatemala	100.000,00	197.923,00	50,52
0104/330B/789.01	Asemblea de Cooperación pola Paz	Mellora das condicións de acceso á auga e medioambientais Santiago de los Caballeros, República Dominicana	95.000,00	222.752,00	42,65
0104/560C/489.01	Grupo local desarrollo rural Portedemouros	Actividades	128.571,57	1.024.871,97	12,55
0305/751A/462.01	Concello Santiago Compostela	Plan competitividade turística (anualidade 2008)	200.000,00		
TOTAL			523.571,57		

2º-2 Modificar as subvencións nominativas seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	PRESUPOSTO SUBVENCIÓNADO	% COEF. FINANC.
0305/451E/489.01	Federación Galega pola cultura marítima e fluvial (1)	VIII encontro de embarcacións tradicionais	60.000,00	268.000,00	22,39
0305/452A/762.01	Concello de Culleredo (2)	Remodelación do Polideportivo Sofía Casanova: " <i>Adaptación CTE. Decreto de Accesibilidade-Instalación de Enerxías Renovables</i> "	400.000,00	490.561,71	81,54
0701/313M/789.01	Asoc. Amipa (3)	Equipamento centro ocupacional construído en Sorbías, Concello de Rois	65.000,00	120.500,00	53,94

(1) Cambio de beneficiario da subvención exercicio 2007 por renuncia do Club do Mar Ferrol.

(2) Cambio do obxecto da subvención exercicio 2009.

(3) Cambio presuposto subvencionado e porcentaxe exercicio 2008.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades locais, para dar cumprimento ao disposto no artigo 29.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.”

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.

-